



Lameda

Revista da Sociedade Liceo de Noia - nº 7 Marzo 2002







Xa pode informarse a través da Web
www.liceodenoia.com



Alameda

nº7



Presentación



EDITA:

Sociedade Liceo
Alameda s/n
15200 Noia - A Coruña
Tef./fax: 981 82 05 35

COORDINADOR:

Cándido M. Prego Rajo

CONSELLO DE REDACCIÓN:

Xosé Agrelo Hermo
Ramón Carredano Cobas
M^a Antonia Castro Patiño
Pedro García Vidal
A. Ventura González Arufe
Aurora Marco López
Xosé Moas Pazos

CAPA:

Alfonso Costa

DESEÑO GRÁFICO:

Pablo M. Ces Marco
Telf.: 981 59 89 28
E-mail: xoseloisces@wanadoo.es

IMPRESIÓN:

Gráficas Sementeira, S. A.
Telf.: 981 82 38 55
Fax: 981 82 05 35
E-mail: sementeira@arrakis.es

DEPÓSITO LEGAL:

C-888-2000



excelente acollida que os socios e socias do Liceo veñen outorgando á nosa revista é motivo de enorme satisfacción para a Xunta Directiva da entidade. Esa é a razón que nos move a superarnos en cada número e a dese-

ñar novos proxectos para *Alameda*. Con este número materializamos un desexo que o Consello de Redacción ten en mente: dedicar cada ano un especial para personalidades relevantes da nosa vila. A ocasión é propicia. O 22 de marzo cúmplase o décimo aniversario da morte de Avilés de Taramancos, un dos poetas máis importantes da literatura galega do século XX, poeta de voz singularísima, a quen queremos renderlle a nosa sentida homenaxe. Para iso contamos con numerosas contribucións de escritores e artistas plásticos e dos nosos colaboradores habituais.

Os lectores e lectoras de *Alameda* poderán reencontrarse no próximo número coas seccións de sempre e cos artigos de temática libre que chegan á Redacción. Excepto a sección "Axenda", que reflicte a vida da sociedade, este número, coordinado por Aurora Marco, está dedicado integramente ao poeta de Taramancos, Antón Avilés Vinagre, que tamén foi socio do Liceo desde febreiro de 1958, causou baixa por ausencia e reintegrouse de novo, en decembro de 1980, até a súa morte. Esperamos que este monográfico sexa do agrado de todos. Desde aquí o noso agradecimento á familia Avilés-Baquero, aos autores e autoras das colaboracións e a outros amigos de Avilés que amablemente cederon algun material para a revista. Sen a súa contribución este número non sería posible.

Xosé Moas Pazos

Presidente da Sociedade Liceo

Sumario

Axenda 2

Cándido M. Prego Rajo

Homenaxe a Avilés:

Aurichu Pereira 13

Luis Avilés 14

Xosé Manuel Beiras 18

Luis Veiras Manteiga 20

Aurora Marco 21

Salvador García-Bodaño 33

Xosé Neira Vilas 34

Xavier Seoane 35

Francisco Fdez. Naval 35

Ana Romani 36

Alfonso Costa 38

Joel Gómez 45

Eva Veiga 47

Luísa Villalta 48

Xavier Costa Olavell 50

Emilio García 51

Xoán Mariño 52

Pedro García Vidal 57

Maribel Longueira 64

Xavier A. Olariaga 66

D. Arxóns/X. Castro 68

Xosé Agrelo Hermo 70

Anxeles Penas 73

Manuel Hermida 76

Aurora Marco 83

Anexo gráfico 85



Cándido M. Prego Rajo

Axenda

ACTIVIDADES



socia nº 6995, Irene Seijas Baranauskas, neta do socio fundador nº 2 e Vicepresidente da Sociedade, D.Manuel Seijas Louro, foi merecedora dun “Primeiro Premio Nacional de Finalización de Estudios de F.P.”, na especialidade de Anatomía Patolóxica, curso 1999/2000, sendo felicitada polo Director Xeral de Cooperación Territorial e Alta Inspección do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, pola brillantez con que realizou os seus estudos.

Vaia desde aquí a nosa felicitación, que facemos pública neste número da revista *Alameda*.

O día 13 de decembro último, foi descuberto o mural situado á esquerda do hall de entrada da Sociedade, que leva por título “Tempo de lecer”, polo seu autor Alfonso Costa, que doou a este Liceo.

O día 16 dese mesmo mes, o Grupo de Teatro “Candelexas” de Noia, representou a obra *Cando os*



Irene Seijas cursa actualmente segundo de Dietética.
(Fotografía de Sandra Alonso, *La Voz de Galicia*)

bancos falan, no salón da Sociedade, con grande éxito de público.

O 31 de xaneiro celebrouse a Asemblea Xeral Ordinaria de socios, conforme a Orde do Día anunciada previamente, na que se rendeu conta do exercicio finalizado e do orzamento e propostas da Xunta de Goberno para o ano 2002.

O Presidente tamén informou que esta Xunta de Goberno continúa a buscar fórmulas de entendemento co Concello para poder alzar unha nova planta no noso edificio.

Foi significativa a unanimidade da Asemblea á hora de aprobar a proposta que plantexou o Presidente, en relación co nomeamento de Socio de Honra a D. Alfonso Costa Beiro, pola súa dedicación en beneficio do noso Liceo.

No transcurso da sesión foi presentada a páxina web do Liceo, que permitirá aos nosos socios o acceso a toda a información que xera a Sociedade. O enderezo é: www.liceodenoia.com. O email: informacion@liceodenoia.com.

Como asunto curioso fíxose mención a que a socia nº 7394, D^a M^a Teresa Alborés Redondo, foi a primeira que abonou a súa cota de entrada en euros.

FESTIVAIS

Celebráronse as Festas do Nadal, conforme o previsto no Programa enviado a todos e cada un dos nosos socios. A destacar o festival patrocinado pola Cafetería do Liceo celebrado o día 21 de Nadal e no que se sortearon produtos navideños.

Celebráronse tamén unha mostra de Baile Galego, Concerto de Panxoliñas e Mostra de Danza Moderna. Estes festivais correron a cargo das correspondentes seccións do Liceo, ás que concorreron moitos socios que disfrutaron coas súas actuacións.



Alfonso Costa diante do seu mural "Tempo de lecer" que doou á nosa Sociedade.

Quizais teñamos que destacar aquí o Festival Infantil de Reis, que se celebrou o día 6 de Xaneiro, no que os nenos disfrutaron coas cancións da Orquestra “Panorama” e os entretementos do Grupo “Bretema” Tempo Libre. Sorteáronse xoguetes que entregaron os Reis Magos.

Os bailes tradicionais foron amenizados polas Orquestras “París” de Noia, “Suavecito”, “Gran Parada”, “Sintonía” e “Panorama”, con grande afluencia de público.

Sen case tempo para repoñernos das festas de Nadal, chegaron as do Entroido. Os bailes neste caso correron a cargo das Orquestras “Capitol”, “Los Cunter’s,” “Sintonía de Vigo” e “Foliada”. O martes houbo sorteo de “lacóns” e o sábado de “piñata” o baile adicado á “Noite Espacial”, con sorteo dun “capón”. A tódolos bailes concurriu moito público e gran cantidade de disfraces.

Con relación ao “Baile do capón”, anunciamos neste número de *Alameda*, que o próximo ano adicáremolo a unha “Noite Medieval”.

No Baile Infantil de Disfraces, amenizado polo Grupo “Bretema” e as cancións da Orquestra “Los Cunter’s”, sorteáronse xoguetes para os nenos.




Festival de Nadal. Mostra de danza moderna das nenas máis pequenas



Festival de Nadal. Arriba, as pandeireiras en plena actuación; no medio, o noso gaiteiro mostrounos a súa arte e abaixo, o Grupo de Baile deleitándonos co seu bo facer.



Festival de Nadal. Arriba, o Grupo de Baile en plena actuación; no medio, a nosa Coral cantando panxoliñas; abaixo, os Reis Magos entregando xoguetes aos nenos



Festival de Nadal. O grupo Brétema divertíu aos máis pequenos coa súa actuación



O Presidentes do Liceo e o da Sección de Caza e Pesca, Sres. Moas e Outeiral, na cea anual



Festival Infantil do Entroido. Arriba, o pallaso fai traballar aos nenos; no medio, momento do sorteo do capón; abaixo, vista xeral do salón na noite do Espacio, o sábado de piñata.



Festival Infantil do Entroido. Arriba, hall de entrada o día do "Baile do capón" ; no medio, o Presidente facendo entrega de xoguetes; abaixo, vista xeral do salón



Asemblea anual. Arriba, socios nuha votación a man alzada; abaixo, os componentes da directiva.





Festival do Entroido. Bodas de Prata. 25 Aniversario de Suso e Marivina



Festival do Entroido. Bodas de Prata. Fillos de Suso e Marivina




HOMENAJE A AVILES



Para Antonio Aviles de Aviles

Estación Wadley

Luis Avilés



straño a tranquilidade de sentilo, a certeza de sabelo na casa, con todo baixo o seu control; extraño sentir a súa voz, os seus pasos, o seu tacto; extraño a liberdade que daba, tanta que tiñas que ser responsable. Sensacións e sentimentos que debuxan unha **persoa irrepetible**; a referencia á hora das decisións, ou no momento sinxelo e precioso de ollar a vida. Sentimentos que acababan todos eles nun enorme sentido da xustiza, da amizade e do amor a todo o que che rodea, a todo o que lle facía sentir os latexos da terra e o sangue dos galegos mortos. Galegos aquí ou en tódolas nacións. Sangue de galegos que latexa nas entrañas minerais da terra. Sangue vella que a cada golpe se renova e non deixa, non, que a luz se apague. Por iso amaba Galiza coma o ser vivo que en realidade é; que son tódolos pobos. Así é o meu pai, e así o atopei de novo, en Wadley, en decembro do 1996. Dalí o trouxen comigo.

Estación Wadley está ocupado por espíritos. Son os seus habitantes mortais os hóspedes dos fantasmas, os que ocupan nesta dimensión as casas, as rúas e as poucas tabernas. O demais habíao un vento extraño, cheo de salaios e de voces que acariñan a pel e producen unha comfortable sensación de confianza. Porque hai unha cousa clara: en San Luis Potosí, en Real de Catorce e nas beiras do deserto, en Estación Wadley, agóchase as portas que conducen a outros mundos, os que gardan a sabiduría dos Huicholes, que se canaliza a través do peiote, o cactus sagrado, columna vertebral de toda unha relixión e fío que leva ás moradas etéreas que todos estamos obrigados a habitar.

Con Alejandro Barbabosa, realizador mexicano e amigo, chegamos a Estación Wadley cerca das doce do mediodía, conducindo un Golf vermello que levaba a porta do copiloto atada cunha corda de cáñamo. Un trailer enorme botóusenos enriba cando adiantabamos unha columna de camiións na recta que xa duraba 80 kilómetros. En México todo é grandioso.

O son da nada, un zunido case imperceptible, arroupaba aquel pobo cheo de pó e calor. Hai lugares onde é posible escoitar o movemento dos planetas.

Os indios, con chapeu aleirón, apoiados nas columnas dos porches das casiñas, ollaban os nosos pasos polas rúas. Estaban acostumados a ver chegar ós forasteiros que se quen perder no deserto. Crín ver nos seus pensamentos: a palabra que os fiaba era sen dúbida "pendejos". Case a escoitabas saír dos seus ollos coma espellos.

Un jeep deixounos deserto adentro, logo desapareceu tras dunha columna de pó branquísimo que nos caeu enriba. No deserto... a calma e o zunido; ó lonxe cascabeis, as serpes a se mover, agochándose; e os coiotes... Todo aquel novo mundo repentino

abriuse diante nosa, magnético, cos seus ruídos novos, cores novas, aromas novos... e a sensación incontible de andalo. Case sen sentir traspasaramos a porta que fai que a terra te atrape e a sintas.

Andivemos moito. O ceo non se acunca en Wadley, é un lenzo longuísimoo sobre o deserto, sobre a terra máis chan, unha luz abrumadora. Daba medo. O ángulo de visión péchase e só es capaz de observar as cousas que en realidade queres observar; o demais non existe. O mesmo sucede co oído, co tacto... con todo. Todo no deserto era o que era, por iso a chegada da noite puña medo. Tiñamos que estar en Estación Wadley antes do solpor, agarreime á mochila e non parei, e si o fixen foi para non perder de vista ó Alejandro que se convertía ás veces nun punto pequeno a observalo todo.

Cando cheguei do deserto a Estación Wadley sentei no chan. Diante, un vello facía unha fogueira seguindo os xogos e as risas da netiña. O sol púñase, descolgándose, esbarando. Polo reloxo levaba a andar sete horas seguidas, Alejandro chegou vinte minutos despois. Entramos xuntos en Estación Wadley: o son feminino dun rosario chegaba a cada currunchoo, meténdose pola terra, convertíndose en brisa a pintar as rúas do pobo baleiro. Deitámonos nun colchón de aluguer nun cuarto húmido de tixolo, o mellor sitio do mundo.

Á cabeza viñan de novo as sensacións que tivera no deserto. Nunca sentira o poder dun lugar dese xeito, era a aperta pura e sinxela da terra, a precisión do amor que che crava os pes e fai que te sintas unido a cada son, a cada pedra, a cada fría de vento... No deserto de Wadley a area é un pó moi branco que se pega ás botas e non quere marchar. A aperta coa terra era física, entrañable. Busquei unha sensación parecida e atopeina no tacto do meu pai, no singular da súa presenza, do seu colo, e entendín entón que o seu xeito de amar era das mesmas dimensións en que a terra o amaba a el. Sentín en Wadley a presenza do meu pai que era a da terra, e decateime de que o que eu sentira no deserto fora o que el sentira toda a súa vida por Galiza, que fora a propia terra, mar, vento, quen o aprendera a querer coma o facía, dun xeito único e abraiante. Entendín por fin a dimensión do seu sentimento, palpei a conexión co mundo, con Colombia, con Taramancos, coa vida.

Cos mellones desexos de
Antón Arias de Bradmanos

11-12-91



Xentileza de Mariña Díaz e Manolo González

Ouh fermosa! Alta era a tua luz:
 Estabas linda Iñés vindo do río
 de um o teu destino nos espellos.
 Alta era a tua luz vinda do leite,
 do por do sol, dos xilgasos, alta era a tua luz
 a tona mesma acesa do teu ventre
 ermo de froito, novo, de froito luminoso
 de carbuncho freído nas entrañas
 e o corazón a fofiar, a ve de ouro,
 por un amor de escuro e pedraria.
 Estabas linda Iñés frota vendura
 das cóncores. No branco postumo,
 alado, mármore acaso a se liar no vento
 livida luz no queme da machada
 estabas linda Iñés como unha rose
 na man dun rei: se houbera nosas
 labas de sangue e iluminado.
 Que que queres da
 das pór o vento despois a loxeira?



Ilustración feita por Avilés para o libro *Última fuxida a Harar*. Xentileza da familia Avilés-Baquero

Carta a Antón Avilés

Xosé Manuel Beiras

"J'ai rêvé la nuit verte aux neiges éblouies".
Arthur Rimbaud, *Le bateau ivre*

Meu capitán,

Esríboche esta carta, enceto cando menos esta carta dirixida a ti, inda con saber, como ben sei, que alí onde agora moras non é usual que entreguen o correo. Tampouco acó, saberás, agora. Acó tamén, agora, a xente non recibe cartas que o correo non entrega. A xente agora non. Só algúns, que escribemos para aló onde non é usual que entreguen o correo.

Esríboche, tento escribirche, coa ollada mergullada nas páxinas abertas do libro que ti sabes, do libro que ti non chegaches a ver imprentado denantes de partires para aló onde agora moras, denantes da túa partida –fuxida, dixeras ti, por ese teu íntimo pudor perante a túa propia pasmosa coraxe– cara a definitiva morada do Arthur. Abrino, meu capitán, por mellor achegarme onda ti para escoitar de perto a túa voz e apreixarche a rexa e tenra man amiga –e veleiquí me tes, absorto e paralisado, arrandándome suspenso nese imenso espazo de infindas dimensións e descomunal beleza que ti construíches para vencer á morte do único xeito en que a morte pode ser vencida. Dende que te fuches, tenra sombra amiga, sempre me acontece o mesmo: contigo podo parolar, de ti non podo falar, encol de ti non ousa escribir. Aínda agora, contigo podo convivir, mesmo revivirmos a nosa convivencia; a ti non podo referirme. Léote e escoito nididamente a túa voz, véxote á par de min, ao pé de min tornas, es ti mesmo que está a ler de voz alta estes poemas aquel outono recén escritos en grandes pregos de papel artesán iluminados da túa propia man darredor do texto con debuxos de incríbel vivacidade en cores puras. “O tempo non é, acaso, o túnel no que entro devagariño para a eternidade?” Ti es eu mesmo acó. Estás en Harar, ou sexa, estou, estamos, na Galiza incesante do Miguel-Anxo. “E pasan os milenios como as horas e todo está no cántico primeiro”.

Dende que te fuches, sombra escintilante benamada, a fusquenlla segue a abrollar como un latexo constante e constantemente sincopado do corazón das xentes en combates que libramos xuntos man con man mesmo após teres viaxado á constelación do Arthur que din ser un país de irás e non voltarás como nos contos da nosa infancia –a única reali-

dade enxel. E inda así tornas ao pé de min en cada lance desta loita. “*Hai que romper de norte a sul Galiza, queimar as rozas dunha idade antiga e ver nascer o sol, lástima fora. Hai que romper, romper agora*”. Segue pois a abrollar a fusquenlla, e magnates sen entrañas a mallaren nela, e a xente fusquenlla –bágoas de sangue e risos de mozas balteiras- a refacerse e soerguerse e cantar e irarse e bradar e loitar e avanzar nese rueiro do tempo no que os milenios son como as horas e o cántico primixenio resoa ao longo dos séculos que mesmo inda están por vir. “*Na fraga hai un reló que non soa*”, dixeran o Arthur en epifanía de verbas iluminadas que trouxera o vento do leste dende Harar. E devolvéralle a túa voz a mensaxe, arte da fuga, en clave de sol fisterrán: “*Terra querida, que sempre chegas tarde ou chegas antes ou despois da Historia e andamos foscas no correr do tempo*”. Nesa cachoeira do tempo no que os milenios son como as horas nun reló que non soa. Tampouco os sinos, amudecidos polo espanto da morte de Artur en Camelot. Que todo está por refacer nesta Terra cuberta de cinzas, enloitada polos crimes dos sacrílegos que trabucaran a lingua e os sinais e foran roubando o espírito da patria. De xeito que tiña que ser: volveu abrollar a fusquenlla, meu capitán, que é hora, é hora da luz, é hora de prender lume na tarde, meu capitán, que escoito nidia-mente a túa voz, que te vexo á par de min, que xa nen sei se a voz é túa ou miña, que ti es eu mesmo acó, que estás, ben sei, digo non, non estás en Harar, que estou, estamos, na Galiza incesante do Miguel-Anxo, do teu fidel Anxo Miguel, estás, tenra sombra amiga, non tornas, estás, sombra escintilante benamada, estás decote ao pé de min, nunca endexamáis te fuches, nunca pensei que te foras, nunca acreditei que fuxiras a Harar onda o Arthur, nunca, nen por un intre, nunca endexamais deixaches de estar onda min, onde a fusquenlla –risos de bágoas estrelecidas en sangue de mozas balteiras- que segue a abrollar como un latexo constantemente sincopado do corazón das xentes de tódolos Taramancos que tecen a inmensurábel constelación popular do noso país.

Veleiqué estás e disme: “*Agora, Rei, bebamos xuntos o veneno*”. Ao cabo comprendo –e asinto. Meu rei. Meu capitán. Amigo, amigo meu.

Reboraina de Aguiar, decabalo de dous milenios que pasan como as horas.



Unha das ilustracións de Avilés para o libro *Última fuxida a Harar*



Autor: José Luis Veiras Manteiga
Título: EMIGRANTE

Veu a visitarme o mar:
o mar de Finisterre, o mar da Vida,
o mar maior dos pailebotes áxiles,
arrecendendo a aceite de liñaza de roupa mariñeira,
a saín e argazo,
a espuma fresca, a brea, a galipote.
E foi un temporal o meu alento:
oceánicas foulas abalaran a selva
porque me veu visita-lo mar.

Ouh que salgado orballo me atereceu o corpo
a un mil e cincocentos quilómetros do home:
o amigo, o compañeiro de perfecta entraña
o capitán dos meus veleiros claros
o mar feliz arrolador de dornas
tan amado de meu que non me esquece.

(Avilés de Taramancos, *Poemas da ausencia*)

As viaxes de Ulises Fingal De Ítaca a Harar

Aurora Marco

Hai máis de trinta anos Salvador García-Bodaño escribía na revista Grial: "... a súa vida e a súa obra... van tan intimamente vencelladas que, a derradeira, cáseque non é máis que un revelador diario sentimental da primeira". Refería-se, claro é, a Xosé Antón Avilés Vinagre, o poeta de Taramancos a quen rendemos homenaxe neste número especial da revista. Subscribo totalmente aquela afirmación: a partir de *Obra viva*, de Nova crónica das Indias, dos seus poemários, pode-se reconstruír a traxectoria vital desta voz singularísima da poesía galega do século XX. Con toda esta bagaxe e coa colaboración inestimábel da familia, a quen fíco profundamente agradecida pola súa amábel e xenerosa acollida, este contributo –que dedico a Ana-Sofía (Circe) Baquero– tenta ofrecer unha biografía mínima, necesariamente incompleta por razóns de espazo, sobre tan relevante personalidade. Está por facer a biografía completa de Avilés. Mais esta é outra historia que algun día haberá que abordar.

O PÓRTICO DA INFÁNCIA



Avilés aos 25 meses


*"Sentado no mazadoiro... ao pé da soleira da porta...
vexo entrar e saír a xente miña"*

Aldea de vinte casas, de labregos con mar de fondo: Taramancos, da parroquia de Boa, que dista do concello a que pertence, Noia, tres quilómetros. Ali naceu o 6 de abril de 1935 Antón Avilés Vinagre, fillo de Severiano Avilés Outes e Manuela Vinagre Fuentes, o máis vello de catro irmáns. Tras el virían Guillermo, Xosé Manuel e Alfonso. O pai, preso na guerra de 1936, agachado no faiado da casa, logo embarcado como tantos galegos para percorrer outros mares; a nai, Lela da Pastora, branca e miúda a lle dar calor e agarimo, como a avoa, Josefa Fuentes Queiro –Pepa da Pastora– que participou nas revoltas sangrentas de Nebra, en 1916, que canta e conta historias arredor do lume, esterca e semea. Ambas as mulleres son

referencias fundamentais na vida do poeta. Neste pequeno espazo –todo un mundo– transcorre a infancia feliz de Avilés de Taramancos, etapa decisiva para o futuro do escritor: entre os traballos da vida diaria dunha casa labrega, os xogos da rapazada –a estornela, o marro, a aña–, e as cartas da ausencia de Severiano Avilés, que escribe desde Amberes, desde Odessa ou desde Bata-Rio Benito; ou as do tio republicano fuxido a Chile; ou as dos curmáns que chegan desde Brasil e Uruguay... A natureza, a paisaxe ou os espazos interiores: o forno do pan, a lareira, o sobrado, a corte do gando, a xanela desde onde divisa o mar, o mar imenso de Avilés, compoñen o espazo infantil. Ali está a súa pátria –a pátria da nenez que dixera Rilke–, naquel souto de castiñeiros e nogueiras onde non falta o fondo musical do xirin, do xílgaro, da laberca, do runxir das follateiras, do soar das pingueiras nas tardes de chuvia, dos xogos polo monte aberto ou pola praia dos cativos do lugar.

Na aldea de vinte casas, que mira ao mar, habia algúns mariñeiros: o vello Pontella que pescaba fanecas no Picouso, curubelos e peixe da pedra, e no inverno facía zocos. Estaban tamén os vellos patróns: o Gorravella, o Andrucho, capitán do “Olga”, un barco de vela co que soñaban os miúdos de Taramancos. Destes homes aprendeu as artes dos homes de mar. E comezou a soñar, a imaxinar viaxes fantásticas “*e a semente da poesía vai aniñando chea de paxaros, de vento que se move nas toxearas, e do mar*”.

No entanto, comezara a vida escolar, primeiro nunha escola de Boa, despois na Académia Balmes de Noia, onde preparou os tres primeiros anos de bacharelato para se examinar no Instituto Xelmírez de Santiago. De Taramancos a Noia ía polo Obre a recoller ao seu grande amigo Antón Lado Filgueira; pasa-



Josefa Fuentes, Lela da Pastora, avoa de Avilés

ban despois por Cabrúns para buscar a Ramón; logo chamaban a Torea e, todos xuntos, facían cada día aquel percorrido que os levaba ao centro escolar. No curso 1947-1948, en xuño, fixo os exames de ingreso e o primeiro curso en setembro; en xuño de 1949 aprobou as materias do segundo curso e, un ano despois, as de terceiro. Boas cualificacións en Francés, en Xeografía e Historia, en Língua Española. Avilés aprendía e debuxaba, debuxaba, como os outros rapaciños, o “Consuelo Maria”, o “Maniños”, o “Pepito Hermoso”, o “Lealtad”, o “Nova Flor do Barqueiro”, o “Olga”. O mundo do mar sempre presente na súa vida, desde a infancia. Como o agro, cos trafegos de cada día, de cada hora, coa presenza constante da avoa, Pepa da Pastora, xunguida à terra. Avilés lembrou-nos en fermosa evocación as longas camiñatas que fixo con ela –“*toda unha aventura*”– desde Taramancos a Vilagarcía para vender allos na praza: tiña o neno Antón oito ou dez anos. Algúns luns, despois de xantar, recollían no Obre a Etelvina e, coas cestas cheas de allos,



entre cantos e contos, pasaban polo Confurco, por Bealo, por Taragoña, e ían durmir a Rianxo, a casa da señora Encarnación. Ali ceaban -bolo do pote con tallada e papas de millo con leite cru- e durmían por un real e un pataco. De mañanciña facían a travesía até Vilagarcía no “Cardona”. À volta, paraban de novo en Rianxo para abonar o aluguer da pousada cos cartos da venda de allos. Hai un texto que Avilés escribciu, “Apoloxía e mito dos allos do Obre”, que recuperamos na revista, en que se refere a estas viaxes.

Anos de vivencias que van deixar unha pegada inapagábel na memoria do escritor, anos de xogos, de soños e ledicia, co amor “*de pedra firme*” da nai —“*mater amabilis, amantissima mãe*”— e da avoa, nese tobo íntimo e seguro a que alude o poeta cando fala da súa infancia en Taramancos: a porta única, a porta-útero, a porta-nai, a porta-porto, en palabras suas.

Naquel mundo infantil, naquelas paisaxes íntimas, está a forza criadora do poeta que, na altura, xa tiña decidido o seu oficio de poeta. Mais non o seu pai, que o enviou para A Coruña a facer Náutica: entre a Trigonometría e o sextante da Escola Náutica andaba o corazón de Avilés a divagar e, para aquel mozo de 17 anos, o oficio que soñaba, de liberdade, abriu-lle un universo novo en que se debrozou, alentado polas novas amizades e o ambiente cultural en que se moveu. Porén, Avilés xa se estreara no oficio antes de ir á cidade coruñesa. Apenas con 15 anos enviou a súa primeira colaboración, “Saloucos dun emigrante”, á revista *Tapal*, onde seguiu colaborando en números posteriores, como tamén en *Rianxo*, que se editaba na vila do mesmo nome. Manuel Fabeiro saudaba-o desde as páxinas de *Lar* (Buenos Aires) como o poeta máis novo de Galiza. En 1952, por motivo da celebración da fundación do Circo de Recreación noiés, houbo un certame literario en que o novo poeta recibiu a mención honorífica do premio de poesía que organizara o Concello de Noia: o 14 de marzo de 1952, no Teatro Galicia, celebrou-se un acto solene coa lectura dos traballos premiados e unha conferencia de Otero Pedrayo, en presenza de outras personalidades da cultura como Ramón Piñeiro e García Sabell. Avilés leu os dous poemas que enviara, “Antón de Noia”, un navegante que morreu moi novo nas selvas de Mactán, e “Cadarsó”, o mariño noiés que perdeu a vida en Cavite face á escadra ianqui.

Volvendo aos estudos, a carreira de Náutica non puido finalizá-la porque no segundo curso non lle deron o certificado do SEU (Sindicato de Falanxe), condición necesaria para continuar. Tampouco debeu lamentá-lo: do mar interesaba-lle a dimensión estética non o estudo. O que si lle interesaba era o compromiso coa súa terra, con Galiza, que comezara a nacer cando adolescente. En Noia, algun tempo despois (1960) xunto



De esquerda a dereita: Manuel Fabeiro, Xosé López, Cesáreo Vázquez, Otero Pedrayo, Miguel R. Pola e Avilés de Taramancos. Noia, Teatro Galicia, 1951

con Miguel Iglesias, Esteirán, Xosé o Cregueiro, promoveran unha suscripción popular para homenaxear Castelao. Aquela iniciativa materializouse nun busto de madeira, realizado polo escultor Brea, que aqueles mozos inquedos, esperanzados e arriscados —eran tempos escuros— levaron a Xosefina e Tareixa Castelao.

Estes noieses, os xa citados, e Bravo, Antón Lado Filgueira e outros, confraternizaban no bar “A nosa casa”, na “Parra”, no “Escorial”, en noites de cultura e camaradaxe cos “*mestres do sentir popular e xeneroso da nosa terra*”: Basilio Fernández Barbazán, “O Perito”, autor de debuxos que aguilloaban as conciencias, publicados en “Denantes” e “Carapolas”; Xosé Vieites, o “Mestre” Moas... Aquelas conversas nocturnas fícarían plasmadas nun texto escrito por Avilés, segundo as convencións teatrais, inédito. Texto breve, en castellano, en que o vello Moas actuaba como mestre de cerimonia. Como personaxes de tan insólita peza están tamén Georgino, don Basilio Fernández Barbazán, o “Perito” e os amigos habituais daqueles noites de viño e filosofía. Manuel Hermida abonda no tema na súa colaboración e a el remito.

A PORTA DA MOCIDADE

“Era como beber dunha sabiduría recóndita e subterránea que a floraba ao pé dun mostrador e que o viño avivaba como se aviva a chama cun sopro de ar”


Avilés chegou à Coruña a comezos dos 50. O motivo do desllocamento foron, xa se apuntou, os estudos de Náutica que tan pouco entusiasmo despertaran nel. O tempo que pasou naquela cidade foi de aprendizaxe, de reafirmación no seu oficio de poeta, anos de bohémia, de amizade, de soños, de afianzamento do seu compromiso nacionalista... Nesta etapa o punto de referencia é Urbano Lugrís, o pintor surrealista, o pintor de mundos mariños, de medusas e cormoráns, de sereas aladas e serpes de mar, de cunchas e lavandeiras, tamén poeta. O de Taramancos ten lembrado o seu primeiro encontro: Avilés recitaba o poema de Rosalía de Castro dedicado a Sir Joh Moore no Xardin de San Carlos e “... a treboada da súa voz de xigante... rompeu a calma do recinto para dicir de memoria o poema completo”. Estableceron-se entre os dous —o pintor literario e o poeta plástico— uns lazos amistosos que só a morte do primeiro foi quen de que-

brar. Da man de Lugris entrou o noiés naquel mundo novo para el, de tertúlias nas tascas e cafés, de descubrimento, de irmandade coas xentes da cultura que ía coñecendo, de compromiso clandestino. Da man de Lugris percorreu as ruas coruñesas, os recunchos máis auténticos da cidade, onde bulia unha mocidade leda, inqueda, aberta ás aprendizaxes do vello Uxio Carré, que acollía a aquel grupo de soñadores na súa casa de Eiris e que lles daba “*unha leición de humanidade e de amor à pátria*”; na Coruña compartillou a palabra e o viño con Álvaro Cunqueiro, tras os encontros na rua onde se saudaban con aquel “Ergueitos no camiño” (en alusión a un poemario que Avilés tiña en mente); conversou tardes enteiras con Álvaro Cebreiro, o autor do manifesto “Máis Alá”; coñeceu a Gala, a filla de Rosalía de Castro...

Con el andaban Xohán Casal, Reimundo Patiño, Enrique Iglesias, Pepe Parga, Eduardo Martínez naqueles anos de bohémia sen rede -como di Costa Clavell neste mesmo número da revista- en que o tinto acompañaba as conversas no bar de Antón, na Tacita de Ouro, na tasca do Paspán, en cuxo mostrador entabala Lugris cantigas populares ou recitaba versos de Pondal mentres degustaban unha empanada de parrochas. e onde talvez Avilés, co seu inxénio, escribeu a curiosa tarxeta que reproducimos para lle entregar às mozas. As ruas de Olmos,

Galera, A Estrela, San Andrés, onde moraba Lugris, foron testemuña excepcional daquelas noites de poesía, arte, grolos e ousadía, nun entorno sócio-político reaccionario que non entendía as argalladas destes mozos, “*caterva insignificante de iconoclastas que circulan por el camino del mal*”, segundo nota de prensa que o Avilés lembra en *Obra viva*. Vivía o poeta nunha bufarda da pensión “A Flor Noiesa”, na praza de Santa Catarina, que compartía cun ruso pintoresco, Alexis Vivicof Mardivinof, outro rapsoda soñador que declamaba versos de poetas rusos. Na pensión tamén estaba un holandés, Jan Joosen, un tranga lleiro, segundo Avilés.

Contodo, a súa dedicación à escrita comezou a dar os seus froitos e nesta década dos cincuenta a súa asinatura comezou a aparecer en diferentes publicacións: *Sonata Gallega* (Rianxo), *Lar* (Buenos Aires), *Aturuxo* (Ferrol), *La Noche* (Santiago), *Quatro Ventos* (Braga), *Atlántida* (A coruña). Nesta última revista apareceu en 1955 en separata o seu primeiro poemario, *As moradias do vento*. En 1959 viu a luz *A frauta y-o garmelo*, editado por suscripción popular, cunha tiraxe de poucos exemplares, algúns enviados a Neira Vilas a Buenos Aires para distribuír en “Follas Novas”, como conta neste número. Avilés entrara xa con pé firme no mundo literario: Álvaro Cunqueiro, Iglesia Alvarino, Celso Emilio Ferreiro, Otero Pedrayo, Cabanillas, González Garcés, Álvarez Torneiro, Manuel María, Uxio Novoneira... Mantivo tamén contactos co grupo “Brais Pinto”, constituído en Madrid en 1958, grupo que en outubro de 1960 organizou un certame de poesía galega dotado con mil pesetas e publicación da obra premiada. O premio gañaría-o Afonso Gallego Vila e Avilés de Taramancos resultou finalista con *Pequeno canto para un peito xoven*,



segundo refere Luís González Blasco, integrante do grupo, nun artigo recente da revista *Agália*. As dificultades económicas do grupo impediron a publicación da obra premiada e da finalista que finalmente vería a luz en 1982, incluído en *O tempo no espe-llo* co título *Poemas a Fina Barrios. Pequeno canto*.

Naquel ambiente cultural trabou coñecimento co betanceiro Antón Naveira Goday, de longa traxectoria no mundo teatral, primeiro en Madrid, despois na Coruña: con el estivo de axudante de dirección, de apuntador e mozo de recados na montaxe do *Hamlet* de Cunqueiro, cuxa estrea tivo lugar en xuño de 1959, tras superar moitos atrancos provocados pola censura. E andivo de axudante tamén co mesmo director na primeira obra de teatro vertical, na fachada da igrexa de Santa Eufemia de Ourense. Trataba-se dun auto sacramental do ourensán López Cid, *La mujer más probada*, e como a actriz que tiña o papel da Virxe Maria debía estar na fornacina máis alta, colleu pánico e foi substituída por Avilés que, segundo indica en *Obra viva*, “ninguén se apercebeu dada a altura do edificio e a miña face de mazán reineta que diría Urbano Lugo”.

De volta a Taramancos en 1959, sen os estudos de Náutica, con problemas coa policía franquista que non o perdía de vista (Neira Vilas conta-o na súa colaboración), sen ter tomada unha decisión sobre o seu futuro profesional, Avilés de Taramancos decidiu emigrar e, através do cónsul de Colombia na Coruña, partiu cara aquel país, a súa segunda pátria: “*así como son galego de nación, o que é un acto esencial da natureza, son colombiano de adopción, o que é un acto de amor, por ser unha escolla libre da miña propia vontade*”.

POLAS ROTAS DA SAUDADE

*“Os agoiros do desterro... esfarelan a mocidade nos camiños do mundo,
e Ulises Fingal emprende a súa rota de cara á branca silueta
dos montes que se presenten tras do mar”.*



Avilés aos 26 anos, cando marchou a Colombia

Tentar reducir a dous ou tres fólíos a estadia de Avilés en Colombia é empresa vana. Foron case vinte anos os que ali pasou este Ulises de Taramancos: experiencias nos máis diversos traballos, vivencias, aventura, risco, dor da ausencia, sentimento de saudade, amor... Iso esixiría unha grande aportación de datos biográficos. Na súa obra, xa se indicou, hai moito de persoal, mais no que di respecto a algunhas pasaxes da súa vida —nomeadamente as que teñen que ver coas incursións na selva amazónica—, habería que delimitar o que é ficción da realidade. Das conversas sostidas coa familia poden-se resumir, *grosso modo*, os vinte anos lonxe da terra daquel mozo de 26 anos que parte para un país descoñecido “*co corazón pendurado dun fío delgado, o alento atado na garganta, os ollos de animal asombrado...*”. Por Sofia Baquero sabemos dos numerosos oficios que exerceu, da penuria económica pola que pasa-



9-7-62. Antón Avilés cando traballaba de mordomo na Embaixada do Brasil en Bogotá

ron na primeira etapa (*"siempre estábamos sin una peseta, mi amor"*). A través do artigo de García-Bodaño, con quen mantivo correspondencia, publicado na revista *Grial* (1971) soubo-se da existencia deste poeta emigrado, coñeceu-se parte da súa produción, a incluída por Bodaño naquel traballo, e como tamén figuraba unha carta de Avilés, moi reproducida, escrita desde o sentimento da lonxanía, o mito do galego aventureiro foi cobrando forza.

Avilés chegou a Bogotá a finais de 1961. Inciou entón unha etapa de inestabilidade profesional e económica: axudou na tenda de música dun galego; traballou nunha fábrica de manteiga, "Retina", como arquivista; na embaixada de Brasil; estivo algun tempo en Liñas Aéreas de España; rexentou un negocio de churrasco e costela os fins de semana nun bairro de Bogotá, Rincón Llanero; traballou de camareiro no restaurante "La Tablita"; administrou un chiringuito dun galego, "La casa de la Troya"; tras-

ladou-se despois a "Minuto de Dios", bairro de xente marxinada, para traballar nunha "marranera" (aínda que no canto de atender marraos, cultivou morangos e allos); vendeu libros de porta en porta; traballou como representante da Bayer... Unha vida de inseguridade, de apuros. Alén diso, Avilés xa non estaba só.

Aos poucos meses de chegar a Colombia coñeceu á súa compañeira, a que estivo con el até a súa morte, Sofía Baquero Céspedes. Os dous traballaban na embaixada de Brasil, ela como doncela, el como mordomo. Sofía, da mesma idade de Avilés, é natural de Cáqueza, a dúas horas e media de Bogotá, e alí morou até os dezasete anos. Fillá dun matrimonio con seis fillos, ao morrer a nai, o pai casou de novo e tivo oito fillos. Sofía trasladou-se á cidade para traballar e, ao pouco de coñecer ao poeta de Taramancos, iniciaron unha vida en comun (*"me cuidó, me arropó, era mi dios"*). Despois chegarían os fillos: Santiago, nacido en decembro de 1967, Luís en agosto de 1969 e Guillermo en agosto de 1971, en Cali. Antes de partir para esta cidade casaran en Bogotá.

Aínda que Avilés se foi adaptando á brisa da terra nova, a saudade da Galiza, a lembranza da familia e dos amigos,



Sofía Baquero Céspedes. 15-4-1963

sempre o acompañou (“lloró durante veinte años”, di Sofia). Por iso, ao se trasladar a Cali dixo-lle à muller: “De Cali iremos a Galiza”.

Os nove anos que viviron en Cali foron de certo benestar material: à frente da “Librería Cultural colombiana”, sita na carreira sexta da cidade, volveu Avilés ao seu ambiente: libros, actividades culturais, organización de feiras do libro, contacto con intelectuais (Pablo Neruda, Pablo de Rokha, León de Greiff), con personaxes singulares como aquel vendedor de libros, Elcano Sidelnik, que un día apareceu pola súa librería e xa se fixeron amigos para sempre; recitais no lusco fusco “onde a miña lingua antiga de trobeiros e segreís resoaba como unha fonte romana”... Foron nove anos de estabilidade económica (a familia mercou un piso no barrio de Champañá e Sofia deixou de traballar para se dedicar aos fillos, axudada polo servizo). Anos tamén de amizade co mundo artístico, através de José Pardo Llada que dirixía un programa na rádio, “Mirador en el aire”, ao que acudía Avilés, “O Marqués de Taramancos”, como lle chamaban. Con Celia Cruz, Miguelito Valdés, “Mr. Babalú”, Rolando Laserie e tantos outros organizaban veladas en casa de Avilés, que preparaba para os amigos suculentas paellas.

A etapa de Cali finalizou en 1980. En abril deste ano preparou “os arreos da desbandada” e viaxou a Galiza coa idea de se establecer definitivamente, como así foi. O proxecto de montar unha librería en Santiago non prosperou mais si o establecemento que montou en Noia, “Tasca típica”, nunha casa medieval situada no casco histórico. Tras el viría a familia, agosto de 1980, e no mes de novembro, o día 7 concretamente, abriu a Tasca, lugar emblemático que axiña se converteu en centro de reunión e de actividade cultural.



A familia Avilés-Baquero na primeira comunión de Santiago, o fillo máis vello. 1975



A familia Avilés-Baquero en Pasto, departamento de Nariño, ao suroeste de Colombia. 1977



Avilés de Taramancos e a sua mulher, Sofia Baquero, con Neli, unha amiga.



Carlos Zamorano, René Cabel, coñecido cantante de boleros, e Avilés en Cali



Cali, 1978. Sofia Baquero e Antón Avilés

A VOLTA A GALIZA

*“É o vento da liberdade, o vento limpo
que puxa as naves do regreso”*

En Noia retomou o oficio poético, nunca interrompido, e comezou unha actividade incesante: publicacións, encontros, congresos, recitais, creación da Asociación Cultural “Catavento”; presidiu a Asociación de Escritores en Língua Galega; alentou a novos escritores e escritoras, dirixiu coleccións poéticas... No terreo político militou no BNG e entrou no Concello en 1987. Esta etapa da súa vida é bastante máis coñecida. Dos anos que estivo na Concellalia de Cultura fican unha serie de logros que as xentes de Noia coñecen ben. Dotar à vila de infraestruturas culturais era o seu obxectivo e por el traballou: aí están a Casa da Cultura que leva o seu nome, o Museo Monográfico de Santa Maria a Nova, o Conservatorio de Música, a recuperación do patrimonio histórico, a restauración do órgano da igrexa de San Martiño, a clasificación de arquivos, a Escola Obradoiro, as coleccións poéticas “Vento de fora” e “Verba que comenza”, os certames literarios, as Xornadas de Teatro na Escola...

Non descuidou, porén, a dedicación à escrita. Ao pouco de chegar de Colombia publicou *O tempo no espello* (1982), recopilación da obra anterior. Logo virian *Cantos caucanos* (1985), Premio Nacional da Crítica, *Nova crónica das Indias* (1989), *As torres no ar* (1989) –*Última fuxida a Harar* editou-se postumamente en 1992–, e numerosas colaboracións en *Dorna*, *Luzes de Galiza*, *A Nosa Terra*, *Boletín Galego de Literatura*, *Barbanza*, o xornal que criou cun grupo de noieses, dirixido por Socorro Santos Lorenzo, onde a súa asinatura, sob os pseudónimos de “Ulises Fingal” e “Hercules Poirot”, apareceron desde o primeiro momento.

Esta foi unha etapa de plenitude, non ixenta –sobretudo nos primeiros momentos– de algúns sinsabores: a familia tivo que se adaptar a unha vida, unha cultura, uns cos-



1983. Acto organizado pola Asociación Cultural “Catavento”, o Día das Letras Galegas. Carvalho Calero con Avilés e Aurora Marco




Liceo de Noia, 1983. Homenaxe a María Mariño, organizado pola Asociación Cultural "Catavento", presidida por Ana Blanco. De esquerda a dereita: Méndez Ferrín, Encarna Otero, X. Manuel Beiras, Aurichu Pereira, Luís Avilés e Antón Avilés

tumes novos. Avilés sufría por eles e nalgún momento, por agradar a Sofía, pensou en voltar a Colombia. Mais ela rexeitou a proposta. O poeta soñara tantos anos con Galiza... Tamén por esta época recibiu unha oferta do seu amigo Pardo Llada, embaixador de Colombia en Noruega, para ocupar o cargo de Delegado Cultural da Embaixada en Oslo. Non a aceptou. Avilés, sempre soñador, idealista, daba-lle voltas a novos negocios –sempre foi un mal empresario, segundo os fillos– e tiña pensado montar unha fábrica de palillos, outra de patacas fritas (xa se deslocara a León con Miguel Iglesias para ver a maquinaria). Con outros amigos matinaba nun restaurante-barco, “A Arca de Noé”, que estaría fondeado na ría durante o inverno e, no verao, faría viaxes. Sempre a súa cabeza a idear, igual que facía en Colombia. Lembran os fillos, con simpatía, aquel proxecto de introducir o turrón no país, para o cal comezou a experimentar e os fillos a remoer na boca, non lles gustaba, aquel produto que el propio elaboraba.

A súa morte, o 22 de marzo de 1922 nun hospital coruñés, supuxo unha grande perda para as Letras Galegas. E supuxo tamén a desaparición dun ser entrañábel para familia e amigos e, en definitiva, para todas as persoas que aman a poesía. “A besta” levou o escritor do que aínda se agardaban moitas Cartas de Amor á Literatura Galega. Con el marcharon outros proxectos como o que preparara con moito cariño o derradeiro verán, *Os clásicos na escola*, que íamos coordinar el, Agrelo e máis eu para a Editorial Laiovento, “*cen libros que se presentarían en conxunto co seu moble incluído e que tería un deseño específico de identificación*”. Para o proxecto, perfectamente organizado, que conservo manuscrito, deseñara tamén o moble.

Desaparecido Avilés, fica a súa obra. Ademais, vive en Sofía, en Santiago, Luís e Guillermo, en todos nós, na Galiza, a quen tanto amou e a quen se consagrou por inteiro. Ás numerosas homenaxes tributadas *post mortem* e das que se dá conta noutras colaboracións, queremos unir a nosa, a que apresentamos neste número de *Alameda*.

Miñortos, febreiro de 2002



Estefanía Ageitos
Escola de Gravado "Alfonso Costa" Liceo de Noia

A taberna Gótica

Salvador García-Bodano

Evocación de Antón Avilés

Voces resacas vagan polo aire do silencio.
Na soidade dos muros, gardadores de conversas,
cánticos de esperanza esvaecen como soños.
Novos seres anónimos relatan as súas vidas
nas mesas de madeira, baixo os arcos apuntados.
A incerteza dos séculos na sombra das olladas...

Ti non estás naquel perdido espacio da túa Ítaca
—ámbito conquistado á volta de tantas partidas—
baleiro e sen presente, a te negar na realidade.
O resoar das palabras —a zumegarnos godello
sobre historias fantásticas de mozas verdadeiras—
non ecoa nas bóvedas que aguantan a túa ausencia.

As túas ilusións xa deron cabo nestas pedras
onde vibrou a patria, a liberdade, esta lingua
que poboaches de mundos recordados e distantes.
Tan só a vida escrita persiste sobre a memoria,
a vida escrita fiel a penas a canto vivimos,
ese dicir de soños e de amores e mentiras.

De fermosas mentiras: como crer na liberdade,
como imaxinar libre a nosa fala, as ideas
libremente expresadas por igual nos medios todos,
e este dereito a sermos cando tanto se nos nega.
Séculos aprendendo a non ser nós, pobo prohibido
sempre manipulado mesmo cando lle din libre.

As sandalias de Ulises percorreron estas lousas
á busca dunha patria á que chegar, dun templo ou casa
para todos aberta e comunal na nosa fala.
Os pasos de Villón, dende o pasado, perdéronse
por estes soportais cara o misterio derradeiro.
Hölderlin, Baudelaire, Rimbaud, Cunqueiro con Neruda,

o val do Cauca inmenso, Popaián, todo o Pacífico,
as noites fermosísimas de Cali... Un universo
de lembranzas e viaxes evocados na taberna,
para recrearse en poemas e máis poemas, con grandeza,
e entregármolos dende aqueles días luminosos
mentres que o tempo segue o seu fuxir dende o pretérito.

Tiña o poeta dúas patrias

Xosé Neira Vilas

Refirome a Antón Avilés de Taramancos, unha das voces líricas de maior altura que deu o noso país. Tiña dúas patrias porque viviu a emigración americana durante vinte anos. E viviuna intensamente, como corresponde a un home sensible, “poroso”, aberto ó mundo. Como soe darse nun poeta verdadeiro. Amaba Colombia –patria da súa muller e dos seus fillos– case tanto como a súa terra de orixe.

Fomos amigos. A nosa amizade viña avalada polo destino común de transterrados, pola afin solidariade respecto dos “pobres da terra”, e pola comunión de arelas sobre o futuro de Galicia.

A primeira noticia de Antón tívena en Buenos Aires en 1959, a través de Manuel Fabeiro e da revista *Tapal*. Escribinlle. Mandoume 15 exemplares de *A frauta e o garamelo*, que distribuímos en “Follas Novas”. Eso marcou o inicio da nosa amizade. Máis tarde mantivemos correspondencia entre a Habana e Bogotá. Conservo as súas cartas. Por elas fun sabendo da súa peripécia colombiana (editor, campesiño, cazador de tigres, libreiro, domador de cabalos, contrabandista, afiador, churreiro, xornalista...).

Encontrámonos persoalmente por primeira vez en 1981, en Galicia. E seguimos vëndonos ata a súa morte. A última vez foi en 1991, en Noia. Con el e Anisia, Mariña, Manolo González e outros amigos navegamos pola ría noiesa e remontamos o Tambre. Foi nesa ocasión que me revelou que tivera que emigrar por “culpa” miña (dicíamo case agradecendo e non con reproche). Cousas do franquismo. En 1960 mandeille por un amigo, dende Buenos Aires, exemplares do folleto *Xornadas patrióticas galegas*, que contiña discursos do Día dos nosos mártires, que conmemorabamos cada 17 de agosto, aniversario do fusilamento de Bóveda. Entregáronllos na Coruña, pero de alí a pouco comezou a sentir como se o seguisen, ata que un policía amigo lle dixo que estaba fichado e que lle suxería que se fose do país. E foise. E nunca se arrepentiría de tal decisión.

América significou moito na vida e na obra do poeta, que ata publicou uns *Cantos caucanos* e unha *Nova crónica das Indias*.

Ocupa un lugar sobranceiro nas nosas letras. Así o recoñeceu a Asociación de Escritores en Lingua Galega, que lle dedicou, *postmortem*, a primeira Homenaxe ó Escritor na súa Terra, en 1995. Alí estivemos os seus amigos. Entregóuselle á familia a escultura coa letra E, colocouse unha praca na rúa que dende entón leva o seu nome, e no cemiterio de Boa prantamos unha cerdeira e deixámoslle unhas flores.

Segue connosco e nós seguimos con el. Dicía o poeta e libertador cubano José Martí que a morte non é verdade cando se cumpriu o destino da vida. Avilés cumpriuno cabalmente. Por eso vive. Na súa obra literaria, no seu exemplo de combativo cidadán, e na perenne fidelidade a Galicia.

Gres, febreiro de 2002

Contemplación

Xavier Seoane

W

ai un lento cortexo de brumas outonais
e roibéns misteriosos
sobrevoando a cidade.

No silencio
das longas latitudes
a mirada se perde
entre un veo de ausencia, de misterio e de soño.

Corazón Simbad

Francisco X. Fernández Naval

Para Antón Avilés

2

iante dun mar de cuncas
locuaz e transparente,
falabas das escumas dos días
que se ausentan,
da constancia da selva e das súas certezas.

Nas túas pupilas navegaban
os pailebotes brancos
e sorríaas estrelas,
os ángulos australes da memoria,
ameixas de cristal,
bolboretas de seda.

Eras coma un Simbad
con palabras de abril,
a explicación da rosa,
imaxinando Noia ou floración de diamante en primavera,
amando as entrañas minerais do teu eido,
recuperando órganos, poutadas,
barloventos de rimas e outros versos,
coma un Simbad que volve, o corazón da aldea,
coma un mazarico que danza entre as banquetas,
coma un arroaz que decide o regreso.

As sólidas arquitecturas de Avilés de Taramancos

Ana Román

*"amar tan longamente o ben perdido,
ter para sempre o folgo elvado de amar o que se perde"*
(Avilés de Taramancos)

 or Taramancos as amoras saennos ó camiño, diante vai el, coma un nenó, detrás soñamos nós con ser esa paixón de andar e saberlle os nomes á terra, e ter ese pé de mariñeiro, que é de natural ancho, desde que el o res-tituíu para o poema, o pé do mariñeiro e ese andar de arrebató que está o nenó por Taramancos ás amoras como cando tiña 50 anos. O poema estaba alí, na man que roza as silvas, na man que entra e se demora, e sae e volve, que está dentro e amora tan vermella e imposible, como "o poema está, Ana, sempre detrás de que se escribe. Tan só un verso, con iso, con iso é suficiente". E sorría cómplice por todo esto que compartimos. "Estes son os meus camiños, a infancia, as medas, os paxaros e aquí a miña casa". E entramos, nai, no escuro. "Leía de Pastora, veñen comigo unhas ami-gas".

Así comeza o artigo que en breve publicará *A Nosa Terra* no monográfico que pre-para sobre Antón Avilés de Taramancos. Así lembro sempre a Antón, no camiño da casa de Taramancos ás amoras e descubrír con el os nomes, a terra, a luz que indaga no escuro, o poema. Potente voz a súa, que o seu foi un adentrarse nas raíces a airealas, e tendelas ó sol para regalo da estima, que penetrou humilde no escuro, o cazador no escuro, para desvelar as rutas imposibles e amadas dun Ulises que sempre soubo a Ítaca perdida pero non por iso deixou de sinala. E foi así o indio galego americano a cons-truír Cantos escindidos na memoria, do que se perde do que sempre permanece, libros como firmes arquitecturas de arxila que ergueu demoradamente por mais que fose aquel que sempre chega tarde e sempre a comezar de novo: "son sempre o que chega tarde e dalgún xeito quere facer a súa sementeira, a súa colleita cun esforzo que a outros lles ven mais mainiño polo tempo e a paciencia".

Tanto aprendemos del nos soportais de agosto, de como o poeta éo dende as orixes bebendo da humidade dunha terra que escora como navío exhausto, de como o poeta é paixón e humildade da palabra precisa, exacta a nomear por vez primeira, e é voz comu-nal de nós, das segas e das medas, do guriol, dos calafates dos veleiros da infancia cando a vila non perdera aínda o alento dos océanos. Tanto aprendemos del e tanto lle debemos por mais que a dor do silencio enmudeza a voz, por sempre en orfandade. A alta ética da palabra, a xenerosidade do xesto amigo, os vendavais da paixón da terra amada e do nós comunal coas mans ben entradas na terra, a que se labra, a que nos olví-da "non son un home, son un pobo"—e ó dicílo a dor e o desconcerto—.

Antón Avilés de Taramancos, o cazador no escuro, é autor dunha das obras poéticas mais singulares e intensas da literatura galega da segunda metade do século XX. *Cantos Caucanos*, *As Torres No Ar*, *Ultima Fuxida a Harar* son títulos sobre os que non será posible o olvido. Poderosa voz a súa con tódalas voces do idioma vivindo dentro, que o poeta se puxo ó poema como se puxo á terra, enteiro e xeneroso, a nomear exacto, a escribir co ritmo imperioso da fervenza necesaria, a dicir como se di por vez primeira. “A poesía está sempre detrás do que se escribe”, ese é o misterio para o cazador no escuro, para o cavador na busca da luz, infatigable e paciente. E é tanto o que aprendemos, a paixón do soño, a sabedoría da memoria, a dignidade fronte ó abismo, o desacougo do traballo necesario, o pe de mariñeiro, a voz -nai- no escuro, os calafates a construír o noso corazón na ribeira, o xesto atento, a mirada cómplice do amigo.

Se a creación se completa na súa vivencia comunal, se a cultura é colectiva, se a palabra son as palabras de nós, Noia reencontrárase nas súas voces, esas que como veleiros desvelan océanos no horizonte, esas que como arquitecturas de arxila constrúen altas torres no ar para nos acoller no vento. As sólidas arquitecturas de Antón Avilés de Taramancos, a quen tanto lle debemos.



Liceo de Noia, 1983. Homenaxe a María Mariño, organizado pola Asociación Cultural “Catavento”, presidida por Ana Blanco. De esquerda a dereita: Méndez Ferrín, Ana Romani, Helena Villar, Uxío Novoneira e Antón Avilés

A sombra

Alfonso Costa

Cando espertei, o sol xa estaba dentro, avasalador, inundando o cuarto coa súa potente luz, distribuíndo as cores e os espazos, enredando coas ponlas das árbores e proxectando as súas siluetas sobre o escenario branco da parede. Fiquei uns minutos deitado a contemplar o espectáculo de luces e sombras. O piar dos paxaros removía a cortina do día. Era improcedente que permanecese tumbado por máis tempo cando fóra xa nacera o mundo. De modo que erguí a perna dereita e fixen un aceno de bañarme na piscina da luz que abrazaba o meu sonolento corpo. Como o pensei, así o fixen. Non tiveron tempo para a reflexión: tensei os músculos, peguei un chimp de acróbata e aparecí de pé sobre o tapiz de madeira, como por arte de maxia. Sorprendínme de tanta axilidade e uninme ao astro rei para filmar escenas divertidas, rubricando un novo día, cheo de espellismos.

En Camboño xa ninguén durmía. Ollei ao lonxe e contemplei o mar azul e un veleiro a sulcar as augas. Máis perto, na aldea, reinaba a tranquilidade. As uvas seguían medrando e embriangándose coas cores do verán. O día convidaba ao paseo. Vestínme cómodo e saín ao mundo, decidido a percorrer o traxecto cara Noia. Como non importaba o tempo que tardase en chegar, a presa marchara de vacacións, inicié a camiñata como un intrépido aventureiro.

O camiño máis curto era atallar por Miñortos. Desde alí albiscábase unha magnífica panorámica da ría. Con paso alegre fun desgastando o pavimento e, aos poucos, distanciándome da miña morada. Volví a cabeza cara atrás, admirei a paisaxe que me afastaba da aldea e respirei profundamente. Non me convertera en estatua de sal, como lle ocorreu á muller de Lot, e o meu corazón latexaba de felicidade.

Ao chegar á estrada xeral seguí camiñando pola beira con moito cuidado, por medo a que os coches non gardasen a compostura obrigada e rebasasen os límites establecidos. Unha vez no alto de Boa, tiven a idea de cruzar pola pequena e arrevesada aldea de Taramancos. Aínda non aparecera o cansazo: sentíame forte, dono do mundo. Mais, ao pasar por unha corredeira, uns rapaces que xogaban á pelota, en medio do camiño, comezaron a rirse de min:

- ¡Reparade, ese home non ten sombra! – berraban a voz en grito.


Co barullo dos nenos comezaron a asomar os veciños por portas e xanelas. As gargalladas ían en aumento, cada vez máis fortes:

- ¡Un home sen sombra!

- ¿Viches, Maruxa?. Chama ao Avelino.

- Ave, ven, corre, abre ben os ollos, ¿viches cousa igual?

As miñas pernas sentiron o peso da vergoña, o rostro tornouse de mil cores e as mans



non atopaban un lugar no corpo para agachar tal afrenta. E eu que ía tan tranquilo disfrutando do día... ¡Meu Deus!

- ¡ Non ten sombra, non ten sombra! —o eco seguía a furar os meus tímpanos.
- ¡Chiss... Señor... veña aquí! ¡Achéguese! ¿Ve aquela casa azul que fai esquina?
- Sí —repuxen asustado.
- Chame e pregunte por Antón. El poderá proporcionarlle o que lle falta. É un home de mundo, ten moitos recursos e é moi habilidoso.

Non saía do meu asombro. ¿Como me podía pasar isto? ¿Como non me dei conta antes de partir da casa?

Os rapaces, a patadas co balón, decidiron non tomarme en serio, facendo caso omiso da miña presenza. O suor aflorou á miña pel. Dirixinme á casa azul.

- ¿Está Antón?
- ¿Qué le quiere? —díxome unha muller cun doce acento colombiano.
- Desexo falar con el.
- ¿Está usted enfermo o poseído de algún meigallo?
- Non, señora —respondín lacónico.

De súbito, apareceu na porta un home de mediana estatura e cabelo cano.

- Bos días, ¿que acontece?
- Unha muller envioume aquí por se vosté me pode proporcionar unha sombra. Sen ela todos se rin de min.
- Pase e sente. O único que podo facer é dibuxarlle unha, pero teña moito cuidado, non a arraste porque a tinta china non aguanta os roces polo chan. De todos xeitos, aconséllolle que vaia ao estranxeiro, alí poderá adquirir unha á súa medida. Hai anos xa estiven nesas terras de emigrantes e, xa ve, voume defendendo.

Foi pasando o tempo e eu seguía reducido nos estreitos lindes da miña casa. Só saía a pasear os días anubrados ou a última hora da tarde, co solpor. Preguntábame por que os veciños non me dicían nada. Inquedo, decidín marchar ás Américas.

Naquel país tan grande, tan inmensamente grande, non acertaba a dar co paisano que tivese o don de concederme o meu desexo. Sabía que non ía ser doado. Todos os meus aforros destinaríalos a conseguir unha sombra que potenciara o meu apouvigado espírito. Cheguei a Buenos Aires, como os emigrantes de outrora, na procura dun futuro, debecido, desesperado, ilusionado por poder ter en propiedade unha sombra, o máis honesta posíbel e, a poder ser, que non fose de segunda man. Nas grandes cidades hai de todo: estraperlistas, usureiros, esmoleiros, ladróns, estafadores... e tamén boas persoas. Preguntei nos bares, no peirao, nas igrexas, por seren lugares de intercambio, e comencei a escoitar comentarios un tanto inoportunos:

- Tené cuidado, macho, que el tipo aquel te está haciendo sombra.
- El que a buen árbol se arrima, buena sombra le cobija —comentoume un vello con cara de guarache.
- ¡ Oíme, che! ¿Por qué no tenés sombra? —inqueriu un home co rostro cincelado polo sol.





Respondinlle que a iso viña, que Antón, home de mundo e con moita experiencia, aconselloume vir aquí.

- ¿Traés guita?
- Algunos ahorrillos.
- Vení conmigo. Te voy a llevar a casa de un buen amigo, él te va a conceder ese deseo que querés.

As vísceras da miña anatomía sentiron o trallazo da ilusión compartida, alí tan lonxe de Camboño, metido a pobre que andaba a pedir unha sombra para sobrevivir.

Por fin, chegamos ao lugar onde tiña a tenda aquel home descoñecido que ía ser o meu benefactor. Ao verme, fitoume e, en ton xocoso, díxome:

- No te preocupés, yo tengo lo que necesitas. Probátelas todas y llévate la que mejor te sienta. No te preocupés por la mosca. Usala durante unos días y compróba si te gusta, pero ojo no la pisés. Del precio ya hablamos más adelante. Lo que importa es que estés cómodo.

O tal Antón recomendárame que, até que tivese unha sombra digna, me abstivese de pasear por ningún lugar en días soleados. Mais agora tiña unha de proba. Era preciso e urxente levala a pasear, para comprobar o efecto.

Rúa arriba, rúa abaixo, a camiñar coa miña compañeira... Mais, conforme avanzaba, notaba un peso tremendo e as miñas pernas comezaron a flaquear. Sentaba nos bancos, nas escaleiras, en todo o que encontraba a man para tomar un pequeno descanso. De cando en vez, torcía a cabeza para mirar á miña amiga, faláballe, pero ela seguía pegada ao chan, como un centinela que vixiaba os meus pasos. Volvín á tenda do prestamista e devolvínlle a sombra:

- ¿No te sentís cómodo? – indagou o home.
- No, señor, me siento raro y muy cansado. Es demasiado pesada para mi físico.
- Vamos a ver, ésta te va a ir bien. ¿Qué laburo tenés?
- La verdad, aún no lo sé – respondinlle con dúbidas.
- Me lo ponés difícil, flaco... Así que sos un hombre anónimo... ¿qué te gustaría ser? Contesteille axiña que Superman, para voar a todas partes.
- Mirá, che, Superman no tiene sombra, no la necesita.
- ¿Qué me dice?... Entonces yo puedo emular a mi héroe. Tampoco yo tengo sombra. O home olloume con cara de chiste e díxome:

- Lo dudo. Vos no sabés volar y te cansás muy a menudo. ¿Cómo te llamas?
- Paquiño.
- Entonces vos sos un mortal de carne y hueso que, simplemente, carece de sombra. Dejate de soñar con pájaros, volvé a tu pueblo y dejate de preocupar por este incidente de la naturaleza... Y no te culpés, vos no tenés nada que ver con este asunto divino. Esa es cosa de Dios.
- Señor, no puedo retornar a mi casa, huérfano, sin una sombra amiga que me haga compañía. ¿No le parece que es muy triste?
- No lo sé. ¿Quién te hizo venir acá?
- Fue Antón, de la aldea de Taramancos.
- ¿Y dónde queda eso, tal vez cerca de Mar de Plata?
- ¡No! En Galicia.
- ¡Ah! Vos sos gallego. Volvé a tu tierra, allá están tus raíces, ¿me comprendés, pibe? Fixen a maleta e emprendín o penoso retorno á casa. A miña cabeza e o meu cora-

zón seguían atordados. Ninguén entendía a miña desgracia. Volver baleiro, derrotado, case humillado... ¿que pensarían as xentes cando me visen?


Ao chegar ao aeroporto de Santiago collín un taxi e indíqueille ao conductor que me levase a Camboño. Alí, cando menos, podería permanecer tranquilo, sen medo a que os nenos e os maiores se volvesen burlar de min. Á altura de Taramancos dixerlle ao taxista que detivese o coche uns minutos porque quería saudar ao amigo Antón e contarlle as miñas desventuras polas Américas. Saín do coche con moita cautela para non ser visto polas xentes da aldea e chamei á porta da casa.

- ¿Quen anda aí? –advertíume unha voz feminina.
- ¿Está Antón na casa?
- Non, señor. Antón xa hai un ano que marchou.
- ¿A onde?
- Eu que sei... Levaba algún tempo dedicado á escrita e facía cousas raras, iso que algúns señoritos chaman poemas... E un día dixo que partía para outro mundo. Precisaba descansar, estaba farto de tanto soñar. Mire, eu non lle sei nada desas cousas... Cando era pequena e ía ao colexio, o mestre contounos a historia do home do ovo, xa sabe, Colón, que dicían que no ano 1492 foi descubrir o outro mundo, ou algo así. Antón quizá estará alí estomballado na praia, escribindo esas tonterías... Iso é todo o que sei, e non sei máis, ¿entendeme? ¡Ah! Antes de partir metéuselle na cachola rebautizarse co pseudónimo de Antón Avilés de Taramancos... Xa sabe, cousa de tolos. Toda a vida foi Antón a secas e, mire agora, aos seus anos... É como un rapaz. Deuselle por marchar da casa, gostaba de aventuras. Agarde, non marche aínda. Deixou isto aquí, por se vosté volvía... Un sobre e un paquetoño.
- ¿E que é?
- ¿Cómo o vou saber se están pechados? Ábrao, eu non lle sei nada. Era un home con moitos segredos.
- Non sei se debo. ¿Está segura que son para min?
- Non teña vergoña, eu tamén sinto curiosidade por saber o que hai dentro. ¿Que di a carta? Fale en voz alta para que eu entenda.

Nada hai tan inservíbel
como unha sombra inerte.
Na lonxitude do pensamento
encontramos soños
que se converten en realidade
e fábulas esquecidas
por algún necio
na praia dos espellos mudos.
Se de algo che serve,
ofrézoche a miña sombra.
Está cansa
pero sabe de moitas cousas
porque ao alén
non é preciso levar nada.
Alí todo é espazo ingrávigo
onde os soños
non son máis que un pretexto
para xerminar outra memoria
que, axiña, nacerá á vida.

O teu amigo, Antón

¡Santo ceo! A súa sombra...



Noia como modelo para Avilés de Taramancos

Joel Gómez

"A árbore do amor, a árbore vermelha do amor rompe a sua âncora de ouro" (Avilés de Taramancos)



prendim e desfrutei da cordialidade e das firmezas de Avilés de Taramancos em visitas de anos à sempre amical e gratificante vila de Noia. A sua colaboração com a revista *Agália*, no ano 1986, marcou um antes e um depois no nosso relacionamento, pola cumplicidade do Reintegracionismo.

Dos encontros que tivemos, há um que lembro especialmente. Pertencia ele ao Governo Municipal noiês e, ao lhe perguntar pola experiência no cargo, respondeu que a sua ideia era ajudar a recuperar o país aos poucos, algo que se conseguiria concelho a concelho, e Noia era na altura um mais que se ganhara para a causa, um novo modelo dentro da sua visom de Galiza como um todo, da sua utópica aspiração a umha realidade que outorgasse maior justiça e felicidade para as suas gentes.

Os caminhos da Política e da Literatura som muito díspares. A poesia de Avilés de Taramancos frutificou e engrandece as Letras Galegas. A semente do seu labor na vida pública talvez esteja ainda mais longe da plenitude por ele anelada, por muitos partilhada.

Honra-se Noia ao homenagear a quem a honrou pola sua conducta cívica e polo seu trabalho para a dignificação do idioma, merecedor de todo o louvor.

Compostela, Fevereiro de 2002

Na lembranza de Avilés

Eva Veiga

Por onde navegará agora o teu sorriso
 aquel que salfería nas nosas facianas
 a voluptuosa espuma dun mar pirata,
 aquel que atravesaba brétemas e frontispicios
 coa luz ardentía dunha peregrina bolboreta?
 Quizáis estea ás portas da Tasca Típica
 coma unha eterna luzada axexando
 o paso fuxidío das sombras do Cantón,
 sombras cegas que de súpeto baten
 coa presenza morna e lenta
 da túa ausencia conxurada alén
 dos versos pola turxente melancolía
 de Sofía.
 Ou, se cadra, aquel sorriso teu fica,
 co fulgor dun guacamaio premonitorio,
 no máis alto das tardes de Taramancos,
 alí no país da infancia
 tempo da crisálida
 centro do labirinto
 a onde retornas
 na maduración total do amor.

Resposta a un poema de Avilés ("Concerto de outono")

Luisa Villalta

Desde que a escrita chantou en nós a súa pedra
andamos polo interior dun edificio
sementando o ar coas nosas mans labregas
indo e vindo o arado igual que o arco do violino
o carro, o sonido, o ir e vir dun sentir que se prolonga
moito mais alá do tempo a sucumbir nos nosos brazos.

Coñecín a Avilés nun concerto de outono.
A pedra, o Pazo, húmido e frío, tremía de ternura, como a terra
que el describeu dourada porque todo en outono soa a tarde.
Eramos tres nun trío trimalción de músicos
consumíndonos no noso propio lume para alento e alimento
dun instante que ficou orcelado nas paredes.

Noutro lugar do Pazo as mans da vida continuaban preparando a cea.

O ollar doce e amábel de Avilés, borboletaba con degaro
os rodopíos da música.
Sei que nel a comprensión do mundo no corpo era así tan acto
de amor continuo. Sei da súa poesía primordial e consciente,
verso de autoridade antiga non menor que a de bardos e druídas
a xeito de canteiro que labra en si mesmo o saber cego e exacto.

Era un concerto de outono.
E nós xa nos coñecíamos do vento,
coñecíamonos do silencio
en que ausentes de diferentes lugares veñen a encontrarse
no precedente que moito tempo despois volve a cumprirse.

Fóra do Pazo, pasaban vidas transeúntes, un entramado
esgarabellado de estradas que nos devolveron a oportunidade do encontro.
Abriuse o corazón en dúas tazas de viño que entrechocan
e o saúdo galgou ríos de risa.
Demoraríamos a sensación, que non o tempo.

Porque un boi cumpría a súa insistencia sobre libros,
horizontes e este mesmo país de sempre,
un país coas táboas rotas dun barco pintado por Lugris.

Entre nós renxeu o carro, xemeu a dor de verse transcorrer
para alá, o mais alá artur onde el medita.

O viño, o sangue en que os humanos nos vertemos, probou así
o sabor da melodía e ficou coas palabras e o silencio.

Dixo: “non é un home, é un povo, un instante que non pasa nunca!”

como o concerto aquel que un outono sinfonou
en abrentes de mangolias berenguelas,

na esperanza fíngal ou esperanza a secas

como a lembranza do seu corpo e do seu sangue puro,
sangue dos mais puros desta terra,

palabra e vento límpido da ría,

como esta mesma tarde

momento de tender a man

coa luva do camiño percorrido

por percorrer aínda.

Avilés Vinagre no espello humano

Xavier Costa Clavell



ra un home entrañable. Nacera o ano 1935 na aldea noiesa de Taramancos –que vai vencellada ó seu nome, co que firmou non poucos poemas e outros traballos– e morreu o ano 1992 no hospital Juan Canalejo da Coruña, despois dunha longa e dorosa enfermidade.

Fun moi amigo de Antón Avilés de Taramancos e coñezo bastante ben as peripecias que foron as súas compañeiras polos camiños da vida. Viviu entre 1953 e 1959 na cidade da Coruña –onde estudou Náutica– e alí levou unha vida de bohemia sin rede, xunto co seu amigo o gran pintor onírico/surrealista Urbano Lugrís. Pasaron fame e dificultades sin conto, pero mantiveron sempre a súa independencia como persoas e como artistas. Gustaríame describir aquí pormenorizadamente aqueles tempos vividos por Antón Avilés e Urbano Lugrís e contar algunhas anécdotas protagonizadas por eles. Pero a memoria fállame. Posiblemente Salvador García Bodaño, amigo e admirador do poeta de Taramancos, se lembre de moitas e tal vez poidera escribir sobre elas e o seu contido humano e social.

Outra etapa de gran interese na vida de Antón foi a que se estende de 1960 a 1980. No primeiro destes anos emigrou a Colombia e viviu en terras americanas vinte anos, nos que levou unha vida de aventureiro. Alí –deixou escrito o poeta– “fixen de todo. Fun comerciante, domador de cabalos, contrabandista. Teño cavado máis de corenta hectáreas de terra americana, de sol a sol, até que o aceiro da eixada se fendeu, e non houbo ceifa, nen colleita, que non fora queimada pola peste, pola xeadada, polo destino... Cacei tigres para lle vende-lo pelexo ós gringos, trafeguei con cabezas reducidas, fixen churros nas feiras, fun afiador, guerrilleiro...”

Coido que resultaría ocioso engadir nada ó que di Avilés de Taramancos sobre a súa vida en Colombia. Supoño que daqueles anos cheos das máis dispares aventuras lle quedarían pisadas de abondo para ir espallando vivencias nos libros que ao regresar á súa Galicia foi escribindo e publicando.

Iso foi cabalmente o que ocorre cos seus *Cantos caucanos*, cuxos poemas lin nunha carpeta que me regalou Antón, cando inda non saíran en libro. En Colombia casou o poeta cunha india, da que tivo fillos, que “gardan de Colombia –segundo di Avilés– a luz estensa que percorre o Cauca”. O primeiro canto comeza con este versos de linaxe épica:

Era o clamor universal:
gorxeaban os astros o seu canto,
e o río imenso
esfarrapaba a vaxina froital do mundo
no ámbito do Cauca.

Xa de volta a Galicia, en 1980, Antón fixose taberneiro en Noia. Puxo unha casa de viños nun fermoso edificio do século XV. Nesta época coñecino e fixémonos amigos. Algo falo noutro número desta mesma revista daquela amizade nosa. Eu ía a Noia fundamentalmente por estar unhas horas co meu amigo Antón, bebendo viño –un tinto estupendo que gardaba para os amigos– e falando na compañía da cordialidade máis aberta.

Un libro no que aparece nitidamente a faz humana de Antón –unha faciana que sempre me engaiolou– é o titulado *As torres no ar*. Antón, na dedicatoria deste libro, di que a sua nai lle dicía: “Ai meu fillo, ti sempre a facer torres no ar...”. ¿E que ía facer un poeta tan fondamente humano como Antón Avilés Vinagre?

Na dedicatoria do seu libro *O tempo no espello*, escribe Antón: “A Xavier Costa Clavell, persoaxe mitolóxico dos meus anos mozos”. ¿Eu, mitolóxico? Antón sí que o era. Era un mito vivo cheo de humanidade.

Barcelona, xaneiro de 2002

Antón Avilés de Taramancos

Emilio García



oi deixando a palabra polo ar
como aquel que sementa unha esperanza,
falando con amor e inqueda
dos homes, da terra... e do lugar.

Foi amando como el sabía amar,
dando a man ó mundo sen tardanza,
facéndolle a un defecto unha loubanza,
porque sempre sabía perdoar.

Cantou en cada verso, en cada historia
a este cacho de terra que el quería
e que estaba cargada cunha cruz.

Deixou en cada verso unha memoria
do que ía facendo noite o día,
poñendo en cada sombra unha luz.

Memorial de débedas (e certos agravios)

Xoán X. Mariño

Desde que Avilés volveira de Colombia coa súa familia, foron moitos os momentos de placer disfrutados en demoradas charlas con el a carón das tazas de espadeiro ás que invitaba o poema de Cabanillas fixado en grandes caracteres na parede da traseira da súa acoñelladora Tasea Típica, nas que caía abraiado polas súas fascinantes historias e inverosímiles -pero certas- aventuras en América, nas que me encandilaba coa súa prosa fácil e musical, nas que me sentía conmovido pola súa poesía estarrecedora e telúrica, foron innumerables as explicacións maxistras de arte e literatura, relatorios destemillantes de vicios e costumes, leccións de ética, de dignidade, conversas nas que compartiamos a esperanza dunha Galicia liberada, ...

Facendo memoria daquelas innumerables xornadas, tardes enteiras ou noites sen fin, nos máis de dez anos que durou a nosa amizade, quero relembra-los algúns momentos que para min supuxeron unha especial satisfacción.

Un deles foi a ocasión na que me encargou facer unha *Guía de Noia*. Comenzaba a primavera do ano 1988, el era, ademais de poeta consagrado, Premio da Crítica española e finalista do Premio Nacional de Literatura, tamén, desde uns poucos meses antes, concelleiro de cultura na nosa querida vila e eu un simple profesor de Historia que ata entón a penas escribira un par de artigos totalmente prescindibles e investigara pouco ou nada. O fundamental, para min, non era a gran difusión que ía ter esta publicación, senón a confianza por el posta na miña habilidade para elaborar unha guía que recollera o máis salientable da nosa xeografía, historia, arte e tamén todos os aspectos turísticos que fosen de interese. O resultado foi un folleto de 30 páxinas, para o que tamén elaborei planos, mapas e ilustracións, do que se fixo unha tirada de 10.000 exemplares de éxito absoluto, sobre todo entre os propios noíeses, quen, en medio dalgúñas pequenas críticas e numerosos eloxios, esgotárona en pouco tempo. Logo fixéronse dúas edicións máis, con igual número de exemplares cada unha, e incluso foi pirateada por completo, repetida e impunemente, pero esa é outra historia. Debo, polo tanto, a Avilés que o meu nome adquirira entón certa notoriedade.

Outro motivo de particular agradecemento é o impulso que deu ó que ía ser o meu primeiro libro. Non tanto polo compromiso de financiación por parte do Concello, como polos ánimos ofrecidos para abordar unha obra á cal ía dando voltas e máis voltas sen decidirme a coller papel e pluma porque o labor semellaba superarme. Foi o seu empeño en convencerme de que dispoñía da capacidade para acometer calquera obra, fose cal fose a súa envergadura, o que fixo posible a saída á luz de *O escultor Ferreiro* no ano 1991, logo de, efectivamente, uns poucos meses de traballo. El mesmo rubricou a

orde de pago da subvención que me permitía facer fronte a unha boa parte da publicación que decidín levar adiante pola miña propia iniciativa diante do desinterese das editoriais. Tal axuda municipal sigo esperando por ela, pois tódolos seus sucesores no cargo que deixou ese preciso ano amosaron a súa nula intención de realiza-lo pagamento. O realmente indignante é que os sucesivos concellais de Cultura e incluso algúns alcaldes lles traía perfectamente sen coidado promocionar os escritores de Noia ou que escriben sobre ela, fronte á fonda preocupación mostrada a ese respecto por Avilés. E, neste sentido quero recorda-la publicación dos libros que Xerardo Agrafoxo e Pedro García escribiron por aquela época, os *Cadernos de Poesía da Casa da Cultura* e a fabulosa *Verba que Comenza* de María Mariño. Non recibín diñeiro do Concello de Noia, pero si doutros moitos da comarca (Lousame, Muros, Outes, Porto do Son, Carnota) e o libro vendeuse dabondo como para obter algúns beneficios pola súa boa acollida en ambientes universitarios e entre os propios noieses, sobre todo despois do cúmulo de loubanzas que Avilés me deparou no acto de presentación do mesmo en abril dese ano. De novo, pola súa intervención a miña obra adquiría certo renome público.

De seguido, a **Casa de Cultura** na que se presentou o libro, bautizada co nome de *Antón Avilés de Taramancos* porque é unha creación súa, foi testemuña de varios momentos máis de moi grato recordo. Certo é que o primeiro deles, a inauguración o día 12 de maio de 1990, compartímolo con el unha ben chea de xente, disfrutando con auténtica ledicia de Uxío Novoneyra e Ana Romaní recitando en homenaxe a María Mariño, cúa poesía foi editada pola súa iniciativa para tal ocasión, da irrepetible exposición de tódolos irmáns Costa, nunca antes nin despois reunidos na mesma sala, e dos sempre magníficos concertos da Coral de Noia e o pianista Juanma Varela.

O segundo foi cando se instalou nas vitrinas do recibidor da Casa da Cultura un pequeno **Cristo** esculpido por Ferreiro que o tallista compostelán Anxel Rodríguez posuía e mo amosara cando estaba xuntando información para o meu libro, manifestándome que o tiña á venda; comuniquéillo a Avilés que de inmediato decidiu adquirílo, convertíndoo así na segunda obra atribuíble ó noso artista que se podía admirar en Noia, que a pesar de se-la súa vila natal non contaba, ata aquel momento, máis que con unha escultura que se puidera presumir que saíra da súa man, destinándoo ó edificio que por entón se estaba acondicionando.


Este, que ademais téñ unha das bibliotecas máis grandes, confortables e fermosas de todo o país, foi tamén escenario de tres edicións de Xornadas de Historia, na primeira das cales nos xuntou Avilés a tódolos investigadores noieses da materia para poñernos diante dun público interesado e agradecido que nos estimulou a repetir cada catro anos a experiencia e manter vivo un dos ambientes culturais máis brillantes de Galicia, a pesar do profundo desinterese amosado polos sucesivos gobernos municipais para ocupa-lo valeiro deixado por Avilés, que enchen como poden e cada un pola súa conta, unha presa de mozos entusiastas organizados no colectivo Sacon, unha Sociedade Liceo que desafortunadamente só chega ós seus propios socios, as múltiples intervencións do noso admirado Pepe Agrelo, as puntuais semanas musicais organizadas pola Coral de Noia, os concertos de alumnos e da Orquesta de Cámara dun dos máis prestixiosos conservatorios de música galegos, como é o de Noia, posto a andar co seu titánico empuxe, como tamén o foi o **Coliseo Noela**, que mediante a súa adquisición por parte do Concello, conseguindo Avilés a financiación necesaria, foi salvado do derribo *in extremis*, aínda que outros, sen motivo, se atribúan o mérito e impudicamente colguen, destas e doutras pare-

des públicas levantadas por diversos predecesores, placas co seu nome, xunto co do Conselleiro de turno para facerlle a pelota.

E falando de placas, un suceso vergoñento pero que Avilés contaba con comiidade foi o protagonizado pola asociación cultural **Catavento** que el presidía, os propietarios da casa de María Mariño e o, á sazón, alcalde. A asociación, tras recadar permiso da familia actualmente dona do inmovible, encargou unha placa conmemorativa que se dispuxo a instalar na fachada da casa natal da insigne poeta, para o que se contou coa colaboración das autoridades locais que se apresuraron a protagonizar ceremoniosamente o acto que tivo lugar o 22 de outubro de 1983 e que, de xeito sorpresivo, foi denunciado diante dos tribunais por outra parte da familia. O motivo estaba claro: unha casa con interese cultural do tipo que sexa é difícil que poida ser demolida para construír no solar outro edificio de maior altura e valor urbanístico, de maneira que, presuntamente, os demandantes querían retirar das paredes calqueira escollo que puidera servir de impedimento diante dun futuro derribo. O xuíz instructor chamou a declarar, acusados de coloca-la placa sen autorización, a Avilés e ó presidente da corporación municipal, negando este último calquera implicación nos feitos, pero, para disgusto dos querelantes, o popular personaxe coñecido como *Galo-Galo*, membro da familia propietaria da casa, testemuñou que o permiso dérao el e morreu o conto, pero o noso escritor

sempre recordaría que o que parecía un pobre diablo resultou manifestar menos cobardía que o que viña presumindo de máxima autoridade da vila.

Outro ridículo parecido aconteceu na Serra de Outes, cando tras un acto adicado a Francisco Añón, promovido pola asociación cultural *Escarabello* en abril de 1990 e no que participaba como orador Antón Avilés, os organizadores propuxeron trasladarse ata a casa natal do poeta, situada nas proximidades e alí poñer colofón á homenaxe cunha ofren-



da floral e a interpretación do himno galego, interrompida brusca e alporizadamente por algún dos actuais propietarios do edificio, que se atopa en estado de abandono e para o que se adiviña estar previsto un destino semellante ó que se supón querían os demandantes de Noia. Chamoume a atención alí un noiés afincado en Outes, especialmente vociferante contra algúns dos numerosos participantes, sen que

se nos ocorra máis explicación para a súa conducta que os seus vínculos políticos coas familias caciquís tradicionalmente dominantes neste Concello, a quen repugnan non só este tipo de actos galeguistas, senón contra toda caste de acontecementos culturais.

En relación á súa oposición a plegarse ós poderosos e enfrontarse á actitude despótica dos gobernantes fun, ademais de testemuña, partícipe de dous acontecementos dos que estou particularmente satisfeito de vivir ó seu lado. Un, xunto coa redacción do periódico *Barbanza*, formada por Socorro Santos, Pepe



Avilés de Taramancos no acto de homenaxe a Añón celebrado en Outes no ano 1990

Agrelo, Manuel M^a Pena, Gloria Díez e o propio Avilés de Taramancos, ademais de min mesmo, denunciados polo entón deputado en Cortes, Xesús Díaz Fornas, que se sentiu inxuriado por un artigo publicado en marzo de 1988 titulado *Dormir en Madrid*, asinado por Ulises Fingal, seudónimo de Antón Avilés e que este escribira á vista dunha fotografía difundida por diversos xornais, algúns de tirada en todo Estado, que amosaba a un deputado anónimo durmindo placidamente durante unha sesión parlamentaria, aproveitando para criticar a inutilidade dalgúns representantes populares e poñéndoa en relación cos atrancos postos por algúns deles ó traballo que outros facían nas localidades de onde saían, en clara referencia ó labor soterrado do outrora alcalde petardeando un dos proxectos máis queridos de Avilés cando era concellal no primeiro goberno nacionalista de Noia, como era a **Escola Obradoiro**, que empezou a funcionar por aquela época. Pero, parece ser, o que máis molestou á súa señoría foi a frase final na que dicía que *"o caso é que lle pagamos (a tales deputados) a cama. E o canivete"*. Este último artilluxio é unha pequena navalla utilizada para afía-las antigas plumas de escribir, pero a saber o que entendeu Díaz Fornas para sentir ofendida a súa honorabilidade. A reacción do periódico, diante do que considerou un ataque á liberdade de expresión, foi un durísimo editorial, publicado ó mes seguinte e consensuado por todo o consello de redacción, no que se quixo poñer en evidencia a actitude intolerante de quen pretendía taparlle a boca a un de nós. Os calificativos, certamente despiadados a non máis poder, sen embargo non ían dirixidos a unha persoa en concreto, mais o ex-alcalde incorporouno á denuncia que o xuíz non sei se arquivou ou admitiu a trámite porque eu logo deixei o periódico para enfrentarme dunha vez por todas co libro arriba citado e perdín a pista do procedemento. Fose como fose, Fornas conseguiu, a saber como, o respaldo do fiscal á súa demanda, e logrou que o asunto pasara á Audiencia Provincial, a onde fomos citados o día 21 de novembro de 1989 tódolos que o ano anterior compoñíamo-lo consello de redacción do Barbanza para ser xulgados por inxurias graves ó honorable deputado. Que o Tribunal non apreciase ánimo ningún de inxuriar e nos absolvese un mes despois é o de menos, compartir banquiño con Avilés e os demais, procesados por exercer un dos dereitos fundamentais das persoas, polos que quen máis

e quen menos nos xogamos a vida nos estertores do franquismo, é un dos episodios da miña traxectoria persoal dos que estou máis orgulloso.

O outro foi o enfrentamento, no seo do BNG, co entón mandatario noiés Pastor Alonso, que polo 1991 acadou unha maioría aplastante na corporación municipal, polo seu característico don de xentes e porque nos catro anos anteriores conseguira moitas cousas para Noia, pero que, arroupado por unha corte de mamarrachos recentemente achegados ó poder e unha garda persoal de vellos nacionalistas que arrenegaran indignamente de tódolos seus principios, viña manexando a organización noiesa de forma despótica e cando quixo face-lo propio coa comarcal e pisotea-las decisións da assemblea local de Outes, da que eu formaba parte desde a súa creación, arreplexenme e co apoio dalgúns outros militantes, que seguían conservando a súa honestidade, e o de Avilés á súa vez aldraxado con infames calumnias polo sinistro personaxe, por non se plegar ós seus desexos, conseguimos expulsalo do Bloque; despois o pobo galego fixo caso omiso da súa emporcallada Alternativa Galega e a Xustiza sepultouno definitivamente. Do seu cadáver político saíron algúns curiosos vermes que por vinganza se negaron a pagarme a subvención polo libro xa mencionado que me concedera Avilés antes de que Pastor o despachara do seu posto de concellal. Non me importa, do noso poeta aprendín que é máis importante conserva-la integridade como persoas e non se vender un xamais.

Aínda debo citar outra débeda de agradecemento con Avilés, contraída cando me animou a expoñe-las miñas pinturas e debuxos e me permitiu usa-lo salón de actos do Concello en plenas festas de Noia do ano 1989. A exposición foi un éxito inesperado e completo que provocou que desde entón me fose facendo un sitio entre os artistas noieses. E se algún día o meu nome estivese ó lado dos máis coñecidos, sería gracias ó noso gran amigo.

Débedas das que dou contas e comencei a pagar o mesmo día do seu falecemento pedíndolle ós meus alumnos que lle adicasen un poema ou un relato que logo xuntei en forma de libro de homenaxe que conseguín fose publicado cun emotivo prólogo de Pepe Agrelo no Día das Letras Galegas dese ano de 1992. Dos agravios deben dar conta outros.

Antón Avilés, memoria eterna de Taramancos

Pedro García Vidal

Travesía polas paisaxes da alma dunha
aldeia con mar de fondo

Vivimos nunha sociedade estraña, contradictoria, irracional. Unha das manifestacións desa irracionalidade ponse de relevo cada fin de semana ou período vacacional, nas longas colas de tráfico, na procesión infinita de coches a fuxir das tan cobizadas cidades, que representa a insatisfacción dun sistema que pretende aparentar un xeito eficaz de vida urbana, que se conforma cun consumo rural de horas ou días ó ano. Pouco importa cal sexa a situación real se cremos que esas horas de clorofila, ou algunhas máis se conseguimos mercar un chalet adosado ou plantar un no mesmo medio do campo, son un xeito xenuino de vida rural.

O cliente de campo busca máis o teatro que a aldea. As novas aldeas son realmente unha especie de decorado campestre, moi lonxe, polo tanto, da aldea real, da aldea con alma. Por iso, a pesares de todo ese aparente interese pola vida rural, a aldea verdadeira esmorece sen remedio. Os seus xenuinos ocupantes, ante a falta de perspectivas de futuro, pechan as vellas casas de pedra e marchan ó encontro da urbe onde buscar maiores posibilidades para unha vida máis digna. As construcións fican soas e, co paso de tempo, a aldea vai sumíndose na ruína.

Propomos desde aquí, transportados pola palabra cálida de Antón Avilés, neno de aldea en Taramancos, unha viaxe a aqueles auténticos sabores e aromas de aldea, a eses recunchos da nosa memoria onde se almacenan as pracenteiras sensacións de nenos en contacto coa natureza, infantes do rural no xeito de vida aínda para a maioría daqueles nados na propia vila. Coa palabra luminosa, sensual, sensible do poeta, que apreixa a natureza e a paisaxe para crear un cosmos ideal, pero tamén, sen dúbida, físico e autobiográfico, penetramos de novo na alma da aldea, na milenaria conxunción cósmica de natureza e home, e facémolo a través dunha aldea próxima e para sempre inmortal gracias ó seu vate ilustre enfeitizado ata a súa morte do espírito de Taramancos.

A terra

Taramancos, o universo poético de Avilés, é unha pequena aldea pertencente á parroquia noíesa de Boa; na súa infancia, unha "aldeia de vinte casas" pousada na ladeira norte do derrame monte-



sí da serra do Barbanza que é o monte San Lois, que ten o “*mar de paisaxe*”. Unha “*aldea de labregos con mar de fondo*”, un lugar de conxunción de mar e terra, cun horizonte azul de auga interrompido cara ó Norte pola presenza dos altos cumes das montañas de Outes, Muros, Mazaricos ou Carnota, con relevos senlleiros como o Pico do Tremuzo, Monte Louro, ou a coqueta illa da Creba.

Cun Avilés neno, Taramancos é unha aldea que conserva tódalas singularidades diferenciadoras das sociedades campesiñas, e o seu modelo de vida atópase mergullado no medio natural do que depende. Naquel tempo perviven aínda, dinos o poeta, costumes ancestrais de traballo en grupo, esforzos solidarios de “*traballos de man común, que xa non se levan*”.

O espacio xeográfico, modelado pola intervención do home durante centos de anos, respondía a un xeito de vida característico de íntima relación home-medio como en tódalas sociedades de base agraria. Sempre presente na obra de Avilés esa fusión natureza-home, entendida como unha relación respetuosa, unha relación que na terminoloxía actual calificaríamos como ecoloxicamente sostible. Ese amor á terra que define a unha sociedade campesiña, transmítese dunhas xeracións a outras, e acádase a través do coñecemento dos seus segredos máis íntimos: “*A grande aventura é cando se aprende a semear e se coñece o ciclo de cada planta e ve un medrar o millo que semeou a súa man e a maravilla inmensa das espigas. Amar fisicamente a terra de cavar. Tratala con coidado*”.

E para iniciar ó infante nos ritos da vida nese milenario cosmos, para ensinar o amor á terra, están os vellos, os devanceiros sempre mentados con devoción. No caso de Avilés, a súa avoa, “*Pepa de Pastora*”, é recordada como quen “*me ensinou a semear, a penetra-los misterios da terra*”, como a persoa que o vai poñer en contacto coa terra e coa natureza para penetrar os seus enigmas máis arcanos. E xa para sempre, ese transmitido amor á terra, acompañará a existencia do poeta: “*A comunión coa terra aberta pón o corazón todo acendido e a semente da poesía vai aniñando chea de paxaros, do vento que se move nas toxearas, e do mar, e vaise gardando como nun cofre escuro o mundo vivo da aldea*”.


Pero a avoa é tamén, ela mesma, a terra, o lugar onde enraíza o poeta, a saiva nutricia coa que alimentar a verdadeira existencia:

*“Avoa, nai anterga ensumida na terra,
cando contigo o pan estou bicando
o teu sangue inmortal apodrecido,
o froito de teu corpo semeados: A tua saiva
que através dos séculos renasce.*

*Doce esterco da vida! Bebo da auga
do cano dos teus ósos cando bebo”.*

De igual xeito, cando o poeta morra debe retornar á terra para cumprir con ese labor de semente:

*... “Alí estou eu morto
dando vida ao que nace”*



É a terra o alicerce en que se apoia todo ese universo rural. Terra entendida como mineral: *“Eu amo as minerais entrañas do meu eido”*. Un lugar onde penetran as raíces físicas das plantas, pero tamén, onde as raíces do espírito obteñen a saíva nutricia coa que alimentar a alma; un lugar ó que sempre regresar, aquel que está sempre presente na ausencia, a Itaca de paisaxes, xentes, recendos, ruidos e sensacións recoñecidas.

Porque a terra está formando parte dun espazo, onde o ar, o sol, a auga, conforman unha atmósfera particular de singulares presencias: *“a humidade, a grisalla da chuva”*, o *“orvallar miudiño”* os *“seráns de cor roibos”*, o *“vento nordés, toleirón e afiado”*, o *“vento mareiro amigo”*, ...


Un tapiz vexetal vario cobre a terra de natureza: *“ponlas dos vellos castiñeiros, dos carballos, das sobreiras marelas”, “bidueiros blancos”, “freixos, faias e carballos”*... Vellas árbores que forman bosques: *“carballeiras”, “soutos”, “devesas”*, que arrancan melodías ó vento: *“A música das árbores míticas, firmes no medio das idades”*, *“Un sinte aínda como zoaba o vento nas grandes nogueiras da Chainza e do Obre ou mesmo ao pé da casa”*.

Árbores frondosas de folla caediza das que se aproveitaba a súa apreciada madeira coa que se armaban unha chea de bos mobles: *“Viñan os serradores portugueses, e o seu tronzador vertical e de repente enchia-se o entorno do mencer co perfume da madeira fresca das faias, dos satíns e dos castiñeiros, grandes taboeiros de carpintería fina que se transformaban en cómodas, chineiros, arcas de gardar o centeo e camas de matrimonio eternas como o seu nome indica”*.

E a man dos habitantes da aldea intervindo directamente no deseño da paisaxe vexetal, a través da progresiva introducción de novas especies domésticas de apreciadas froitas *“Imos plantar unha cerdeira nova / temos que darlle esa alegría ó vento”*.

A riqueza das terras de Taramancos en especies froiteiras autóctonas era grande, e os seus froitos, na palabra de Avilés, traen recordos de sabores e fragancias hoxe case esquecidos por mor da súa substitución por especies foráneas, todo presenza externa pero faltas, como tantas outras cousas, do sabor e aroma da autenticidade: *“a pel bruna dos fatóns”, “o celme perfumado da claudia”, “o saibo abacial da pavia”, “áspera pel do níspero”, “felpa nova do pexego”, “tona bruna da mazán tabardilla”, “ameixas como labios”*...

A tan ampla diversidade vexetal corresponde un universo animal múltiple onde, por mor da súa sonora presenza, as diferentes especies de paxaros e aves, constitúen unha parte fundamental da paisaxe. Avilés, que de neno aprendera os seus nomes e costumes nos bosques próximos da aldea *“onde os rapaces coñecemos tódolos paxaros e como tecen o seu niño”*, eleva a eses animais diminutos, os músicos do bosque, á categoría de seres case míticos da aldea. E faíno por medio do emprego de fermosísimas metáforas:



Xerín - *"Amañecido poldro no corazón das árbores"*

Rula - *"Noiva. Lixeireza do vento, / de caravel tecendo abrentes mozos"*

Torcaz - *"Fouce de ás no azul segando viño / esta ollada de Deus na pomba brava"*

Ouriol - *"Vives no suave corazón da choiva"*

Merlo - *"Fai cereixas na campía"*

Xilgaro - *"Novelo de lilainas"*

"o paparroibo e o pimpín o pulo da harmonía sostida sobre o vento", "a áscua negra do estorniño no fulgor da tarde", "o corvo antigo", "infinda canción das coto-vías", "No máis íntimo esforzo de centeo / sen presa o paspallás tempera o vento".

As xentes, os habitantes da aldea, viven nese espazo natural nunha relación secular de respecto mutuo que se remonta ás lonxanas épocas dos cazadores-colleiteiros. Esta práctica de explotación equilibrada do medio supón un profundo coñecemento da natureza:

"Hai que

procurar un salgueiro xunta o río

algo comesto na raiz, vedraio;

e no cuarto menguante, cando a saiva non ten

esa forza que canta nas artérias do cerne,

serrar co tronzador portugués e con rachas

para que sexa o ángulo propicio no cair".

O esquecer ese equilibrio necesario pode levar a situacións non desexadas, como sucedera, por exemplo, coas nogueiras da aldea de Taramancos, ou tamén coas do Obre ou a Chaínza: *"..de súpeto foran todas ceifadas no ano 50 para culatas de fusil ou escopetas das fábricas de armas. Cairon derrubadas para un triste fin".*

Os traballos e os días sucédense na aldea ó compás do ritmo oscilatorio das estacións, de aí a súa continua referencia:

"Ti, outono, es un home coa ollada murcha / cos gadellos ao vento. E-la cor do adeus irremediable"

"A luz de abril: a terra xeme / de sazón, entreabre / o fondo sulco do amor / e canta"

"O grilo-abade inaugurando o verán"

"É primavera en Noia, e a noite / será unha longa mina de diamantes".

"Vibra a egua na malla e vibra a moza


na redondez elástica do seo,

o trigo candeal cae desflorado

e nunca tanto ouro relucira

como neste serán do mes máis claro".

Cada semente ten un tempo, e cada froito de tempada é especialmente apreciado con vistas á preparación de exquisitos pratos coas especies do momento: *"pañacas de cedo, chí-charos, tírubeques, que veñen no mes de abril coas lampreas e os congros en sazón".*



O mar

Pero en Taramancos, ó pé da aldea, un mar próximo permite tamén ó neno Avilés, penetrar intimamente os seus segredos: *“brinco de rapaz pola ribeira”*.

Un mar que estará, ó igual que sucedía coa terra, presente para sempre na memoria do poeta: *“Veu a visitarme o mar:/ o mar de Finisterre, o mar da Vida...”*

Nos areais de Testal e Taramancos, un Avilés infante entra en contacto cun mundo de mariñeiros varios: *“pescadores de liña, de francado, de boliche”*....., dos que aprende os seus traballos: Primeiro, *“atopar o lubión na baixamar, arealo, engarzar na brinca e ter paciencia”*; para logo ir á colleita dunha ampla variedade de especies, cada unha a atrapar no lugar, no momento e coa arte oportuna: *“A faneca pica de noitiña ou de mañá cedo. Vinte brazas de liño. E pola popa o anzol grande do congro....Á solla vaise a pé, con rede ou con francado”*. E logo toda unha chea de peixes: *“corubelo”, “congro”, “solla”, “raia”, “escacho”, “robaliza”,...*; tamén, *“lura”, “camarón”*; e, por suposto mariscos varios.


A ría convértese co tempo nun espacio familiar onde todos se coñecen *“os veleiros entran paseniño na ría ... e os patróns antigos que pasan saudando”*.

Taramancos, aldea con mar, comunión de mundos, simbiose de vidas labrega e mariñeira, mestolanza de esencias: *“Carros de cangrexo e argazo que se deixaban podreecer nas terras baixas, e semear logo...”*, coas que xermola o froito da vida que logo se comparte en feliz troco: *“pescadores... que trocan peixe por leite, por ovos ou fariña”*

A poesía de Avilés, o compromiso coa terra e a defensa da identidade

Ler de novo a palabra de Avilés é traer á memoria uns tempos idos; retornar ós territorios da infancia e decatarse de que a vida pasa a tanta velocidade que a penas temos tempo para controlar os cambios, para asimilalos no repouso, co fin de procurar que non se leven por diante todo o peso do pasado. A poesía de Antón Avilés fainos reflexionar sobre un presente insatisfactorio, un presente que se acadou sen apoiarse nun pasado milenario, sen sosterse nunha historia de séculos, o que explica moitos dos males presentes.

Nun mundo que pretende ser global, onde o pensamento quer ser único, e a sociedade camiña cara á uniformidade da man dunha Mcdonalización colonizadora, Avilés é a cosmovisión dun mundo que esmorece e ó que el se sente especialmente unido; representa o bardo que axita as conciencias, o poeta que ve máis alá e cun berro desgarrado nos lembra os perigos da perda da memoria, da identidade, das raíces. Somentes o armamento intelectual impedirá o rendemento



submiso ante a cultura da hamburguesa, a coca cola, o centro comercial, o formigón especulativo ou o eucalipto invasor, iconos da modernidade e progreso universais, publicitados a cotío a través do omnímodo poder dun pensamento único que invade tódolos curruchos por contar con tódolos medios nas súas mans.

BIBLIOGRAFÍA empregada:

O tempo no espello

Nova crónica de Indias

As torres no ar

Última fuxida a Harar

Revista *Barbanza* nº 20

Ilustracións pertencentes ó libro

A frauta e o garmelo





Estefanía Ageitos
Escola de Gravado "Alfonso Costa", Liceo de Noia


Textos: Antón Aviles de Taramancos
Fotografías: Maribel Longueira



*Unha noite cantarémo-los dous tan barilmente
que estalará o amor mais poderoso...*



"É primavera en Noia, e a noite será unha longa mina de diamantes"



*Veu a visitarme o mar:
o mar de Finisterre, o mar da Vida...*



*Olládeme no mar: veño de lonxe
Pero teño nos ósos como un fulgor salgado
E son parte do mar,*

VIDA

Poema Telúrico

Xabier A. Olariaga

Para Avilés de Taramancos,
sempre a carom do Berço da Misela Dourada

"Choramos os mortos como se
eles sentiram a morte, mas os
mortos estão em paz"

FRIEDRICH HÖLDERLING

"Breve et irreparabile
tempus omnibus
est vitae"

P. VIRGILIUS MARO

"... E pasa a moxedá,
pasan os ventos:
pero hai un tempo que non pasa nunca"

ANTÓN AVILÉS



sses detestáveis, jacentes, recalcitrantes momentos
Nos que um se descobre *absolument vide*:
O coração inane, acompassado, monocorde;
O soma lene, amurchado, levitante;
O espírito opaco, ausente, vagaroso de seu;
a contingência exterior um eco longínquo, alheio,
... quase imperceptível ...
... e o presente esvaído, sem história possível:
a *impitoyable* permanência, a Morada Definitiva,
deverão ser necessariamente assim?

Embora ...
... aquém da Morte,
como nom reviver intensamente a mudança perpétua,
recriando à *l'avance* o irrepetível drama
da ansiada ressurreição?

Como nom arrepiar *du Néant*?
Desses obscenos instantes que devalam
na claudicação vital,
que semelham parodiar a consumação entrópica
do derradeiro pensamento?

Como nom assulagar o evanescente futuro,
esse vulgar, dilatado destino,
no que já nom haverá, além da Origem Ignota,
um minúsculo espaço reservado
para o vazio temporal do Ser?

Como nom transcender a Fistera
através do mítico Oceano?
Como nom alçar, sobre essa imensidade,
graníticas Fortezas, ousadas Torres no Ar?

Como nom reflectir o Tempo
nos fugidiços espelhos das ondas atlânticas
e projectar assim infinitas ameias,
rimas imortais?

Como nom sublimar o aceso pentagrama
da irredenta aventura colombina,
mediante esse estoupido cromático, apaixonante, tropical?

Espertade!!! ..., pois ainda se percebe
o majestoso “clamor universal ... no âmbito da Cauca...”!!!
Erguéde-vos!!! ..., pois já está a transitar, cara a nós,
o equilibrado “rumor dos grilos do carnaval do rio ... en Popaián”!!!
Escoitade!!! ..., pois todavia permanecem, muito densos,
“entre a cana de azucre”, os orgásmicos sussurros da Moralba Timbacoi
rebulindo, tremulantes, aquel soneto onírico, medular,
“que entraba pola raíz do sangue e invadía o extenso territorio da alma”!!!
Mirade!!! ..., pois ainda fica alumeada “unha casa en Chachauí”!!! ...
... para “escoitar à noitiña, o zunido dos vagalumes ...”,
... para “esquecerse do tempo”
e “estar ao pé dun deus antigo amigo do sol ...”


E porém ...
... Como nom “amar tan longamente o ben perdido ...”,
como nom afitar a fame da Morte
esgaçando nos dentes com volcánica zanga,
as prolíficas pétalas daquela “flor negra no medio da vida ...”?
... Como desatender, mais umha vez,
a feiticeira elegia das sereias no Testal?
Como nom revisitar aquelas ruadas
dos alucinantes anos moços
no leito crepuscular da legendária Noela?
Como nom regressar, na última viagem,
ao atávico seio da Terra Pátria,
“a esa andadura na néboa do destino ...”?

Ouh a Vida jamais soterrada!:
o coração *trepidante, altivo, tout plein*;
o soma emergente, caótico, transluzente;
o espírito agressivo, ubíquo, multiforme;
a contingência exterior muito próxima,
reificada *ab aeterno* nos Universos Fronteiriços ... ainda por descobrir ...
“... porque esta terra non é un código civil de enterramentos, lápidas, baldaquinos.
Esta terra non é. Non é cinza o que temos,
É fornalla de arrefecer os corpos para a vida ...”

Ouh a inesgotável aventura de existir!:
a obstinada presença da matéria invisível,
depurada pela heróica singradura dos Poetas
que sucumbem em cada verso ...
... para renascerem em cada estrofe...
para ficarem por sempre sementando Amor e Vida ...
a carom do Berço da Misela Dourada ...
... e assim ..., abatida e subjugada a Morte,
desde esse Futuro sem Porto de Arribada ...
“criar con agarimo unha estirpe sinxela
de toro campesiño e ponlas mariñeiras
que amen fondamente a entraña paridora
da Terra Nai”

Un poemario da mocidade: A frauta i-o garmelo

Dolores Arxóns Álvarez - Xavier Castro Rodríguez



frauta i-o garmelo (Imprenta Moret, A Coruña) viu a luz no ano 1959 gracias ó ánimo, entusiasmo e subscrición popular dun grupo de amigos daquel poeta mozo de vintecatro anos que, malia ós seus poucos anos xa non era un descoñecido no complexo universo da lírica galega nos difíciles anos da inmediata posguerra que se mantiña atenta, a través da censura, a calquera manifestación lingüística, especialmente se esta era escrita; é por iso que revistas, xornais, coleccións e editoriais de Galicia, Portugal e América serviron coma estimulantes fachos de cultura tanto para o exilio e a emigración como para cantos desde aquí proxectaban a súa voz. Por aquel entón, Avilés xa ofrecera varias mostras líricas (con algunha mesmo acadara galardóns) en diferentes publicacións de dentro e fóra de Galicia (*Tapal* de Noia; *Atlántida* e *Amanecer* da Coruña ou *Lar* de Bos Aires, no período comprendido entre 1950 e 1957) que ergueron voces de apoio e entusiastas comentarios á beira daquel poeta que estaba a facer do compromiso co idioma e coa terra os principais alicerces da súa xénese literaria. Aqueles críticos e comentaristas agoiraban un bo poeta todo á vez que enxalzaban os magníficos dotes e extraordinarias condicións dun poeta inexperto no que non se albiscaba nin vanagloria nin presunción. Aquel rapaz de dezaseis anos conseguira unha Mención Honorífica de poesía en galego cos poemas “Antón de Noia” e “Cadarso”, no Certame Literario do Circo de Recreación que se celebrara en Noia coincidindo co seu Centenario e no que Ramón Otero Pedrayo actuara de mantedor, circunstancias das que se dá noticia no número de 1952, correspondente a agosto, da publicación *Tapal*: “La mención honorífica de este premio de poesía en gallego fué leída por su autor al (sic) joven de 16 años José Antonio Avilés Vinagre” (p. 22).

No ano 1955 a publicación coruñesa *Atlántida*, publicoulle o poemario *As moradias do vento* utilizando a fórmula da separata (e que utilizaran outros creadores como Luz Pozo Garza, Manuel María e Álvaro Cunqueiro) libriño que ademais dun complemento da revista cultural, significaba un xeito de paliar a complicada situación pola que estaba a pasar o libro naquel momento. Catro anos despois saíu *A frauta i-o garmelo* libro caracterizado pola súa brevidade, estruturado en nove poemas numerados con romanos e dous máis titulados “Cántico ao albre” e “Carta a un corvo que se chama Alberte”. O estímulo da terra e a comunión dela co poeta é o punto de arranque deste corpus poético sobrevoado por innumerables aves (debuxadas por Xosé Lois na cuberta e por Alexandre González Pascual “Lixandre” no interior) que, na fin, son o motivo concreto albiscado no título xa na musicalidade (frauta) xa no trebello para cazalas (garmelo). Eses versos canoros arrincaron fermosas palabras do patriarca Otero

Pedrayo quen afirmaba (15 de febreiro de 1959): “con infinda ledicia escoitei o seu libro /.../ Leereille ós paxaros dos meus arboredos /.../ os seu poemas. A ver como responden”. Tamén Álvaro Cunqueiro (3 de marzo de 1959) soubo agradecer e gabar aquel mangado de poemas: “El libro de Avilés de Taramancos está lleno de estupendas revelaciones. Sabemos por él que el cantar del jilguero crece el día, y por el la rama, por dentro acariciaba...”, en referencia ó poema V que comeza: “Eisí no teu cantar crescendo o día/medra a ponla por drento aloumiñada,/e de vagar, beila a taravela do teu cantar.”.

O conxunto de poemas que constitúe *A frauta i-o garmelo* ofrécenos unha ampla gama, unha varia de olladas á beira do universo maioritario das aves (tamén aparece o poldro, o vagalume, as volvoretas...) inserido no medio natural das múltiples árbores (cereixeiros, oliveira, nogueira, freixo...) que as acubillan, e encadrado na terra (toxeira, camiño, viñas, valado...), os seus froitos (espiga, silveira, centeo, mapoulas...), na música e o canto (acordeón, frauta, cántico, orquestra...). O poeta semella ter cazadas e presas entre as páxinas do seu poemario, que representa o auténtico garmelo ou gaiola, todas e cada unha das aves do seu mundo que desexa compartir case de xeito lúdico (coma a *Escolanía de melros* de Faustino Rey Romero) co lector atento e sensible:

/.../

“Meu levián paxaro, compañeiro
das fenestras da tarde, das fenestras
de todol-os paxaros apagados.

Pol-a melanconía dos feitos
escorre o teu cristal, e levo longas
verbas de amiga choiva no meu albre”.



Entrevista a Avilés de Taramancos

Xosé Agrelo Hermo

 José Antón Avilés Vinagre (1935-1992), noiés labrego da lingua e mariñeiro de ilusións, hai agora dez anos que fixo a súa derradeira singradura rumbo a un mundo descoñecido na procura dunha illa de paz e silencio onde poidan resoar con máis forza a súa palabra baril e tenra.



- ¿Como foi a túa nenez?

Eu nacín un 6 de abril (son polo tanto Aries) e fun á escola de Boa até os 12 anos; despois estudiei en Noia até o 3º de bacharelato. Se virades entrar un veleiro na ría co velame despregado ao vento, os foques tensos no botalón de proa e a vela escandalosa alta no vento como unha bandeira, veríades a miña nenez a sorrir. Os veleiros chegaban do sur cargados de sal, de viño, de aceite, de laranxas e traían un perfume mediterráneo, un aire de aventura irrepetíbel, unha canción nova que se aprendía de contado nas tabernas da vila, unha habanera, acaso co vaivén das ondas, que aínda hoxe se canta sen saber de onde veu. Os rapaces coñecíamos os barcos como se certamente foran nosos e debuxabamos nas libretas da escola a súa liña fermosa con ondas e gaivotas, pondo sempre o seu nome no costado de popa: Consuelo María, Maniños, Pepito Hermoso, Lealtad, Nova Flor do Barqueiro, Olga...

- Viviches vinte anos en Colombia. Cóntanos algo desa estadía

Marchei a Colombia no ano 1961, algo presionado pola policía, a dicir verdade. Neses vinte anos pasaron moitas cousas e aventuras. Pero sempre se fala máis do anecdótico que dos sufrimentos e do desamparo que un sente perdido sen saber cando vai volver. Cáseque dez anos de loita a campo aberto fixéron de min un home curtido, coñecedor de tretas

coma Ulises, mais perdido quizais para sempre. Fixen de todo. Fun comerciante, domeador de cabalos, contrabandista. Teño cavado máis de corenta hectáreas de terra americana, de sol a sol até que o aceiro da eixada se fendera, e non houbo ceifa, nen colleita que non fora queimada pola peste, pola xeadá, polo destino. O ouro foxe de min coa mesma intensidade que eu foxo del. Casei cunha india andina como puiden casar cunha princesa turca. Hai un día no que somos tan orfos que necesitamos un tobo, un porto onde invernar, unha compañeira que nos alente.

- ¿Qué e para ti a lingua?

A meirande obra de arte que o noso povo ergueu a traveso dos séculos foi certamente a catedral do noso idioma. Nen os lenzos dos grandes pintores, nen os ábsides que acoillen o silencio, nen as figuras talladas polo man dun Ferreiro ou dun Hernández, que tamén son man do noso povo, foron obra tan fonda e universal como esta da lingua, que escomenza na sinxeleza de por-lle nome ás cousas e colle o pulo xenial de dar forma a un pensamento máis florido. Se algo significamos os galegos no mundo, se algo da civilización nos corresponde, é por mor da pedra e da palabra feita arte na cantiga de Martín Códax ou na elexía a Moore de Rosalía. Ningunha lingua culta puido chegar máis lonxe.

- ¿Cal é a función dun escritor galego?

O escritor pode ser a conciencia dun povo que disfrute a plenitude das súas facultades. Máis cando ese povo é sometido secularmente, cando anda atoutiñado para saír da escuridade é, ademais da conciencia, unha ascua de luz que se alcende no rescaldo ancestral onde as sinais propias están limpas e se poden facer brillar diante dos ollos da memoria, para revivir con ardentía o afán que o impulsa e xustifica. É cando os escritor cria mitos ou recolle antigas lendas ou cria mundos-espello que se ven e estimulan os roteiros a seguir. O escritor non pode ser alleo aos conflitos da súa nación. Non serve unicamente a literatura pola arte, a literatura pola literatura, o purismo dun escrito e que habita un ámeto liberado, senón que se ten que dar, á par desa tarefa, esa outra literatura de combate, tan necesaria e máis válida que o alambiquismo requintado das literaturas que crian mundos ou universos concéntricos onde só o vento da ambición e das paixóns humanas moven as follas da paisaxe.

- ¿Como ves agora a Noia dende a lonxanía?

De Noia queda sempre a súa configuración de Vila antiga, entrando pola ponte e vendo san Martiño, o paseo calmo da alameda, as ruas íntimas do interior, as casas antergas que identifican o conxunto e algún comercio de sempre –Rosita Vellés, poño por caso- que un sempre sabe que van estar aí. Pasa ao mellor a figura andante dun vello coñecido que saúdo coa man desde a distancia do ensoñamento e un quixera pará-lo e conversar sen romper ese vidro de miles de kilómetros que nos separan. Pero tamén se lembra un guiso de xoubas, unha empanada de raxo, o mostrador dunha taberna onde os amigos cantan. Vemos pasar como unha cinta máxica as figuras que daban soleira ao povo –a Mica, Cementerio, Caldeirada, Aropiro, Estrellita e tantos outros sen os que Noia non é nada- e vemos pasar algunha moza altiva que non nos saudaba nunca e pola que tiñamos un maor secreto. Vemos pasar a vida. Chéganos o perfume do mercado (os allos do Obre, as cebolas de San Cosme, os repolos de Taramancos) e Pepejomes, Sherlojomes que lle chamaban as siareiras coa súa libreta de recibos cobrando os postos da Porta da Vila. Pasa o vello Pepujo co seu uniforme rutilante impondo orde e José

e mais Benigno detrás del como duas almas en pena. E logo os mariñeiros do forte, no Puxilgo, o señor Pepe o Mulo repartindo sardiñas nos anos da fame, e algún que outro señorito do Casino co calzoncillo remendado. Os compañeiros da escola saen ao Curro a xogar ao gua ou á peonza a contemplar a moto de Lema, única no mundo con freo e marcha atrás. Cando se está lonxe queda sempre de Noia un recordo de ledicia, de acougo e simpatía ao que querer volver sempre.

- **¿Aínda que os poetas tendes sona de grandes declamadores, ti tes unha voz forte e modulada, ¿podes, para rematar, recitar algún poema que prefiras?**

Miña Patria:

Eu son o teu soldado máis forte.

A túa lingua é a miña espada

e cando debullo unha canción

cando florece unha palabra

canta en min o labrego cavador

o emigrante e o poeta,

o mariñeiro

o home que amasa o pan e muxe o leite.

¡Non son un home: Son un pobo

e ninguén me pode domear!

Gracias amigo.

NOTA: As respostas do entrevistado están entresacadas literalmente dos seus libros publicados.

O mito da deusa nai na poesía de Antón Avilés

Anxeles Penas



a noutros traballos encol da poesía de Avilés, especialmente no limiar para a nosa tradución bilingüe de *Cantos caucanos*, editada por Espiral Maior, na colección “Auliga”, deixamos constancia da presenza continua do arquetipo da terra, concebida como un ente sobrecolledor e sagrado. Se ben o arquetipo parece fondamente asentado no inconsciente colectivo do noso pobo, manifestándose arreo nos nosos creadores baixo a imaxe de nai, pensamos que en ningún poeta galego se mostra con tanta forza, con sentimento telúrico tan dramático e baixo tan variados mitoloxemas. O arquetipo cobra, ademais, especial relevancia porque aparece a miúdo enfrontado co mito do herói, dibuxando así o eterno conflito luz-tebras e tamén o de loita prometeica por redimir a esa terra-nai da escuridade.

Para Jung, o símbolo forma parte do arquetipo da **ánima** e ten que ver coa parte feminina e ctónica da psique, que atopa a súa contraparte equilibradora no **animus**, o aspecto masculino, uraniano ou solar.

Podemos afirmar que Antón Avilés viviu esgazadoramente, fronteirizamente, todas esas antíteses e que é ahí onde nace toda a riqueza ontolóxica e significativa da súa obra.

A imaxe da **Magna Mater**, da Escura Deusa Nai, estremece, unha e outra vez, os versos do poeta; pero cecaís, en ningún libro nos conmove tanto como en *Última fuxi-sa a Harar*, cando, queira ou non, debe aparecer coas roupaxes da nai morte. Entón, a Deusa de Obsidiana enfeitízase con todos os adubios da **sombra** e así debe ser cantada e reverenciada. O poeta prometeico non pode fuxir do seu destino; mais o que pode semellar un final non é senón un círculo, ou, por millor decir, é a espiral do recomenzo, figura tan querida polos nosos ancestros.

Ahí, pois, quero coller o fio desta pequena homenaxe ao poeta, ao amigo, ao gran home, neses últimos versos, nesa derradeira proba da Deusa que prefigura un recomenzo. Testemuña de rendida entrega, de servicio incondicional, como o dos cabaleiros medievais pola súa dama, Antón Avilés, pon a vida aos pés dela, espido e nú, “como saído da man que amasa o leite” e acepta que pasen “os milenios como as horas”, pois “todo está no cántico primeiro”.

É na muller, na terra, na nai ou na avoa onde se encerra o sentido último e verdadeiro da vida do poeta, xa que elas son a porta-útero, a porta-porto, a porta-única. Prefiguración bondadosa e firme do arquetipo, a muller sempre está ahí “no medio do universo, agardando”; ela é a casa, a terra cavada, a colleita. Matriz e alicerce.”

O símbolo amplifícase e cobra dimensións poderosas cando se concretiza na avoa Pastora, á que fai unha rendida homenaxe en *Nova crónica das Indias*. Aínda que xa desencarnada, a avoa segue a vivir como posibilidade rexeneradora, e aínda que “enterrada na terra-terra”, ou cecais por eso, aparece “redimida, libre de espírito e visionaria”, con toda a súa forza xenetriz, como preparándose para parilo de novo “*no seu amor univesal no que renace, e a casa vai no meu corazón onde ela está a erguer aínda o muro infinito, defensa, porta e antemural do mito do eterno retorno*”.

Chea de amor, a voz do poeta abrangue a tódalas criaturas que foron amasadas do barro orixinal, como canta no poema número 11, de *Última fuxida a Harar*:

Ouh, ámo-vos desde o xerme,
desde a arxila vos amo, terracotas de luz..

.....

Ver ese barro ardendo, ter no colo
da NAI MÍTICA a luz engaiolada...

.....

Ouh, amo-vos, criaturas enxeles,
primeiros pasos no fulgor da neve!

Galicia é a pedra angular dese edificio arquetípico, especie de **axis mundi**, de centro percurado por un pobo que ten na raíz do sangue a trashumancia, un pobo de nómadas que “leva a avelaiña negra da saudade cravada contra o peito”, “raza de Caín apegada ao terrón” por necesidade de atopar un chan firme, un lugar ao que retornar despois da longa pelerinaxe, un “centro único feito de lumieira”. É en Galicia onde o amor de Avilés fai converxer todos os outros amores; así ela convértese en pedra do destino, pedra vertical ergueita como un menhir para sinalar “como unha insignia” un lugar fundacional: a eterna e incommovible casa da Deusa Nai. Conmove ler como se entrega a ela, alén da morte, para sentirse dando nova vida a outros seres; el xa tamén terra nutricia, xermen da luz:

Pois emana da vida algo que late
nas urdimes da terra alí onde a planta abrolla,
onde se tece o mineral: Alí estou eu de morto
dando vida ao que nasce...

.....

Alí estou eu bebéndome
Por dar auga ao sedento, por dar-lle ao bidueiro
o ouro do esplendor
e darlle á relva o manto.

Alí estou eu de morto dando vida aos carballos...

Mais a Deusa non é só “o lar da patria sempre aceso”; é tamén a palabra que perpetua todas as arelas, pois a palabra “foi sempre viva, /foi espada e arado e cotovía, /lanza de seiñardá, ai meu amigo, /derrota e singradura...”. Na palabra do poeta cúmplense as sagras sizixias da sombra e da luz; no seu canto é a “vida mesma a que canta”. E el o que fai é “escoitar o folgo do vento vido da entraña mesma”, servir de recipiente para recoller “a resina e o bálsamo” e deixar testemuña de que “Todo é fulgor, /a cinza e a crisálida agardan o intre de volver-se rosas!”

Tamén é Ela a guardiana dos últimos segredos, do enigma que se agocha na orella do máis alá, xa que Ela, a dadora de vida, é asimesmo a que ten as claves da morte; a Ela, que ten agora os adubíos negros do pasamento, increpa desacougado:

Bato no ceo,
chamo á grande porta irisada,
dou no bronce onde os selos
teñen inscrita a miña vida.
A qué divinidade —DEUSA NAI XERATRIZ—
entrego esta oferenda:
o corazón da vítima aínda vivo
no seu río de púrpura ?
Onde estás deusa-arxila primixenia?

A pregunta do poeta queda ecoando no aire; por primeira vez o arquetipo amosa a súa face de incertidume, de ausencia case total, de incognoscible perturbador, de lado sombrío que só se pode penetrar coas súas propias armas. O mito adoita así o mitoloxema da sombra, tan caro a outros dos nosos bardos, como Rosalía ou Pimentel. Pero o cantor prometeico non se arreda diante desta Esfinxe de acibeche, porque o seu destino é precisamente o de alumar as tebras:


Collo a lanza da sombra,
abro un fondo sartego no miolo da rocha
e planto vivo aínda
o corazón da aurora!

A ‘mater amabilis’, a “amantísima mae” de *As torres no ar* aparece fugazmente, como deusa opaca e dura en *Última fuxida a Harar*; mais axiña, as imaxes aurorais toman o relevo, arrepóñense contra este destino de “carboeiros” ou de “mineiros sulagados” para reclamarlle aos deuses, aos anxos ou a quen sexa “a propia luz”, “luz traballada, conquistada a grolos e verdadeira...”

A Nai, así, conduce aos seus fillos, os escuros, os exiliados, polas ordalías da sombra, para ter dereito ao Reino da luz.

Aniversario do pasamento de Avilés

Manuel Hermida Iglesias



este mes de marzo cúmplense 10 anos do pasamento de Xosé Antonio Avilés Vinagre, nado na aldea de Taramancos, pertencente á parroquia de San Pedro de Boa, o día 6 de abril de 1935. Era fillo de Severiano Avilés Outes e de Manuela Vinagre Fuentes, coñecida por Lela de Pastora.

Como supoño que outros colaboradores falarán da súa obra poética, eu vouno lembrar a nivel noiés, a quen tanto lle debemos, xa que do seu paso pola política militando no Bloque, desempeñou na corporación a concellalía de Cultura, e acadou grandes logros como son a Escola Obradoiro de Restauración; o Conservatorio de Música; a Casa da Cultura (que tantos problemas trouxo consigo); o Museo de Santa María a Nova; Xornadas de Teatro na Escola; o inicio da recuperación do Coliseo Noela, así como, entre outras, o nacemento en febreiro de 1988 do xornal *Barbanza*, no que formaba parte do Consello de Redacción, en compañía de Gloria Díaz, Xoán Mariño Reino, Xosé Agrelo Hermo, Arturo Lago Sánchez, Manuel González Millares, Xoán Rama Trillo, dirixidos por Socorro Santos Lorenzo.

Pero a miña intención é traer a estas páxinas, que me brinda a Sociedade LICEO, algo do que moitos conveciños poda que xa non lembren, o que escribira en 1958: "Traxedia en prosa y verso. Hasta el pájaro en su trino, tiene acento cervantino", que pretende ser un pasamento "tasqueiro", escrito coa sana intención de facer sorrir ós amigos, e ós mesmos personaxes, que veñen sendo Moas, coa súa fala cervantina, don Basilio falando en galego, e no que non falta Georgino, que sempre levaba as de ter que estar calado.

No San Marcos de 1960 escribe en *La Noche* un fermoso artigo sobre a Filosofía Noiesa, que co título, "Moas el Grande y sus discípulos", describe a diaria xuntanza na hora das tazas no bar La Parra, á fronte do cal está a "Madrina Mantenedora y Dama Mayor, la señora de la casa. Salvadora, que vive una segunda juventud rebosante y conserva unos ojos limpios y una sonrisa viva que no se apaga nunca". Para poder seguir apagando as sedes, pasábase a zona do Tapal con visita a El Escorial, "una tasca extraña, llena de dientes de cocodrilo, familias enteras de negritos paseándose por la estantería y un pez sierra que divide diciendo lo efímero de la vida. En la pared: camellos, tigres, un viejo futbolista condecorado y gordinflón y Dios sabe que más animales, edictos, banderines y recortes de prensa que hacen un conjunto fantasmagórico y atractivo. Es una tasca que solo se concibe en puerto de mar. Aquí se celebraba la reunión hasta su "punto álgido". La naturaleza -dice el Maestro- es conservaria. Es decir, todo lo que destruye lo recrea nuevamente para solaz de la humana causa.

Si un oidor lejano sonríe malicioso, Moas se dirige a él con estas palabras: "He venido para traer la luz a la selva, pero vosotros preferís ser oscuritarios". De aquí rematábase no Brecos, onde acontecía: "En este bebario es el espíritu volátil. Espaciemos un pensamiento y sigamos nuestro curso, que es el dormir" - acababa el maestro.

Aínda que ó principio digo non comentar a súa obra poética, non podo deixar na carpeta das lembranzas, un poema dedicado a un home a quen Noia tanto lle debe, e estou seguro que as xentes da miña quinta, estarán de acordo que don Severo Loroño Laciana ben se merece que o seu nome esté no calexeiro, e agora que se está coa apertura de novas rúas en San Lázaro, creo que o impresor don Severo, durante moitos anos impartindo xustiza no xulgado, home bonachón, xeneroso, farturento, que fora presidente da Sociedade LICEO, permítome publicar este traballíño de Avilés:

D O N S E V E R O

Xuez de paz, ou de guerra si hai carneiro
e por casualidá non se convida;
non hai xantar, nin festa, nin comida
na que non apareza de primeiro.

Arrastra as erres con saber cubano
este vello cordial e gasalleiro
que aínda presume de namoriqueiro,
e non é mais que un bó samaritano.

Ai, Don Severo, estas mulleres nosas
non fan o amor, que fan o casamento,
nin son coma as mulatas tan sabrosas.

Sente en paz, e non pense de momento
en desfollar máis pétalos de rosa
que xa co que probou pode ir contento.

O 22 de Outubro de 1983, a raíz da colocación dunha placa na casa da rúa Cega onde nacera a poetisa María Mariño Carou, alcumada “María a Fiscala”, practicamente descoñecida non só en Galicia, senon incluso na súa vila, o poeta Avilés de Taramancos afirmou que “María Mariño sementou unha flor nova i diferente, unha fonte escura e popular, no territorio da nosa poesía”, e ó final congratulouse pola homenaxe que se rendía á poetisa no seu pobo natal “porque o pobo participa tamén nesta homenaxe. Pois o pobo que honra aos seus poetas está defendendo o seu dereito á liberdade, o seu dereito a soñar, o dereito consustancial da identidade”.

Este acto foi organizado pola Asociación Cultural “Catavento”, no que participaron: Uxío Novoneyra, Méndez Ferrín, Helena Villar, Ana Romani, a quen se unirían Bernardino Graña e Carlos Oroza, fixeron unha semblanza da vida e obra de María Mariño, recitando algunhas das súas poesías, todo isto no salón da Sociedade LICEO. O ponente de Cultura do Axuntamento, Moas Pazos (actual presidente da Sociedade), igual que o rexidor Díaz Fornas, manifestaron que se estaba estudiando a posibilidade de dedicarlle unha rúa da vila. A estes actos asistiu moita xente, mostrando a súa satisfacción ante a intervención dos literatos galegos e o Orfeón Terra A Nosa.

Pero, igual que na casa dun pobre, pouco durou a alegría posto que os herdeiros da casa, os irmáns Teresa, Lola e Miguel, denunciaron a “Catavento”, da que era presidenta Ana María Blanco de Romani, esixíndolle indemnizacións “morales e económicas” por ter colocado a placa sen permiso.

Con motivo do seu nomeamento como Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, e entrevistado por Xan Carballo para *A Nosa Terra* do 19 de Xuño de 1987, destaca entre outras moitas preguntas a relacionada coa súa Tasca:

P -Ocórreseme que estar aquí na taberna, en contacto directo coa xente case de continuo pode estar influindo no seu mundo poético.

R- Ten ventaxas e desventaxas. Está o contacto con todo o povo, é unha porta sempre aberta a onde chega a xente. Por outro lado é un traballo de moitas horas que che tira tempo para a lectura, para consultar cousas, para escribir mesmo. Teño que escribir na taberna e non teño ningún recanto de silencio onde facer un poema, e teño que estar escribendo aquí.


A diferenza doutros anos, o programa anunciando as festas patronais de San Bartolomeu, 1987, é mais ben unha revista de 88 páxinas, no que ademais de numerosos festexos, ven publicada unha escolma de poesías noiesas, feita, naturalmente por Avilés, para que nestas festas brille tamén no ceo, como unha lucería de cores, a palabra antiga e nova que Noia soubo dar súa propia saiva e que ten o arrecendo íntimo do que máis amamos. Estes poetas son: Martín Eans, Osorio Eanes, (ámbolos dous do século XIII), A. Vilas (século XIX, cunha poesía dedicada a Felipe de Castro, con motivo da inauguración do seu busto), Lisardo Rodríguez Barreiro, Andrés Vidal Barreiro, Xoan López Medina (de quen todavía estamos agardando do seu neto, o amigo Juancho, remate dunha vez co prometido, e podan as xentes noiesas coñecer a súa obra), Eduardo Núñez D'arxellas, María Mariño Carou, Xosé Fernández da Ponte (de quen tamén nos gustaría ver na rúa a obra, que desde hai unha manchea de meses, confirmamo o seu fillo Gustavo), Manuel Fabeiro Gómez, Luis Seijas Castro, Xaquín González Fernández, o propio Avilés, Emilio G. Portosín, Sebastián Paz Suárez, Maxi Alvarez Olariaga, Enrique Busto Cerviño, Xosé María Fabeiro Gómez, María Mercedes Fabeiro, Ana Romaní Blanco, María X. Canitrot, Nuría Mariño Lanau e Andrés Rodríguez Millares.

O Pregón, Noia en festas 1987, ven sendo un "Aviso para viandantes, turistas e moradores", e do que reproduzo: "Meus amigos de Noia, dispensade a pobreza dalgunhas cousas e o artificio de outras. Como sabedes tivemos que guiar un barco abandonado. O tempo e os cartos non deron para máis. O noso propósito foi tervos contentos e aínda que nos entregaron a última hora as cousas sen facer, puxemos todo o noso empeño —e nunca mellor dito— en argallar uns días de pracer que ben merecedes e que se fan cos vossos cartos. Nós non puxemos máis que boa vontade".

Houbo noieses e forasteiros, que botaron en falta os touros, os cales ademais de ser tradición, daban ambiente, e



Miguel Iglesias, Manolo González e Avilés na Tasca Típica, pouco antes da súa morte



Avilés de Taramancos na Concellalía de Cultura do Concello de Noia

cartos, pero será mellor que vexamos o que dixo Avilés para *La Voz de Galicia*, do 24 de agosto: “En relación a la celebración de corridas de toros, hasta hace dos años parte consustancial a las fiestas noiesas durante largos años, Antón Avilés opina que la a veces llamada “Fiesta Nacional” ha pasado a la historia: “a min dame a impresión de que os touros en Noia acabaron fai tempo”.

“As corridas –prosigue el presidente de la comisión- se estaban conservando por un grupo de persoas que son moi aficionadas aos touros pero que é un grupo moi pequeno; a xente, e os aficionados mesmos o saben ben, xa non estaba acudindo á praza e tiñan perdas constantes. A parte diso, pouco ten que ver o concello nos asuntos dos touros, se poden chamarlles corridas ao que se facía, porque últimamente nin os touros eran touros”.

Respecto á falta de subvención municipal para organizar corridas, Antón Avilés di: “as corridas non lle corresponde facelas nin organizalas ao concello, a praza de touros é dunha empresa privada e nós non poñemos problemas para que fagan corridas se queren, pero que non caian sobre nós as culpas e as responsabilidades económicas que non son nosas”.

Para escribir sobre Avilés detallando os seus logros, serían necesarias moitas resmas de papel, e non tempo, pois este abunda, o cal será para lembrar que en abril de 1988, co soporte dos concellos barbanzanos e entidades, edita a “Mesa pola normalización lingüística do Barbanza”, na que figuran: Paio Gómez Chariño, século XIII; Martín Torrado, poeta de Leiro do século XVI; o cura lousamiano Diego Antonio Cernadas de Castro, século XVIII; Lisardo Rodríguez Barreiro, autor de *Escumas e brétemas galegas*, natural de Noia e falecido en Vilagarcía en 1943; o inolvidable Castelao, do que se inclúe un sabroso tramo de *Cousas*; Eduardo Núñez D’Arxellas, morto na Habana en 1971; Rafael Dieste, prosista falecido en 1981; Manuel Antonio, poeta rianxeiro, falecido ós 30 anos e que patentizou, literariamente, a adopción de novas formas de traballar en verso; Brea Segade, poeta, pouco prolífico do que apenas restan obras; Rey Romero, do que os seus restos chegaron hai escasos meses a Rianxo; María Mariño, de Noia, e afincada no Caurel. E agora, a selección de autores vivos, que son: Antón Avilés de Taramancos, de quen non creo necesario ampliar nada; Xesús Santos, de Asados, animador do centro cultural Simón Varela; Manuel Teira, romanceiro pobrense que compaxina a súa personalidade literaria con outras disciplinas artísticas como a pintura e o deseño; Ana Romaní Blanco, unha das impulsoras da revista *Festa da palabra silenciada*, e pecha o muestrario o barbeiro e caricaturista riveirense Pepe Núñez, do que se recollen cinco grafías.



Noia. Enterro de don Basilio Fernández Barbazán. De esquerda a dereita: Manuel Hermida, Xosé Agrelo, un mozo, Maneiro, Fuco Oviedo, Teodoro Ávila e Avilés de Taramancos.

No mes de xuño, e como representante municipal ante a Xestora pro-turismo do Barbanza, foi elixido Presidente da Comisión de Cultura que coordina nove axuntamentos, así como a distintas asociacións de empresarios da comarca, co fin de levar a cabo un plan conxunto para proxectar a oferta turística comarcal. Neste mesmo mes, e en calidade de Presidente da Comisión de Cultura, sinalou estar xestionando con membros da Fundación Blanco-Monroy, a cesión por 49 anos do edificio dos antigos Xulgados na rúa da Corredoira, a cambio dunha donación, todavía sen fixar, para o asilo de “La Milagrosa”.

Xa metidos no mes de agosto, Avilés presenta oficialmente a guía turística de Noia, elaborada por Xoán Mariño, por encargo da Comisión de Cultura.

Un ano máis organiza as festas patronais e, se as do ano pasado foron presentadas polo humorista Farruco, nestas de 1988 foi Carlos “O Xestal” o encargado, e nas que tampouco houbo touros. Nunha entrevista que lle fan en *El Correo Gallego*, 23/8/88, explica os motivos: Preguntado el presidente de la Comisión de Cultura sobre si la “tradición taurina de la villa” ha pasado a ser historia expresó que : “eu creo que si, e dame a impresión de que os touros en Noia acabaron fai tempo, e que se estaba conservando por un grupo que son moi afeccionados aos touros, pero que é un grupo moi pequeno, e a xente, eles mesmos o saben, xa non estaban acudindo, e tiñan perdas constantes. E a parte diso, pouco ten ver o Concello no asunto dos touros no sentido de que o Concello ven apoiando as corridas de touros, si xa se lles pode chamar así, porque ultimamente nin os touros eran touros, nin os toreros eran toreros, pero ben, en todo caso nós deixamos en mans dunha empresa particular, que é a que ten que responder de algún xeito si lles convén facer ou non as corridas de touros”.

(E precisamente o 13 de xaneiro de 1990 díxoselle adeus, pois comezaron o seu derrubo por orden de Axuntamento.)

Aínda cando no mes de novembro, Avilés, en calidade de Delegado de Cultura, denunciaba a existencia de presión política para que o Ministerio de Traballo retire a inversión de 200 millóns de pesetas para instalar unha escola-taller, foi Avilés de Taramancos o encargado do acto de inauguración, en xaneiro de 1989, e inicialmente funcionaría durante tres anos, estando ó seu cargo Carlos Aller e Conchita Allut Vidal.

No mes de decembro, e en calidade de concellal Delegado de Cultura, entrevistouse co responsable do correspondente departamento da Xunta, co único obxecto de saber se era posible crear un conservatorio independente. Unha vez obtida a resposta positiva, interesouse polos pasos administrativos a realizar. O primeiro deles consistía en que a Corporación adoptara o acordo de crealo, para este que xa fora dado a pasada semana, o incorporalo na orde do día da sesión ordinaria, nunha moción defendida polo propio Avilés, quen explicou que a escola de música de Noia supera con creces o índice de cen alumnos, extremo que o levou a afirmar que incluso ten máis matrícula que o Conservatorio de Santiago, centro do que dependen administrativamente. Antón Avilés asegurou que as taxas que agora ten que pagar serán suficientes para contratar a dous profesores.

Para abreviar, pois non dispoño de tanto espazo para o moito que me gustaría lembrar, direi que no remate do ano, ten lugar a absolución dos redactores do xornal *Barbanza* por non apreciar ánimo de inxuria polo artigo “Dormir en Madrid”, e cúa autoría era de Avilés.

E desde logo Avilés, non estaba a dormir, posto que como Presidente da Comisión de Cultura, presentou nunha sesión extraordinaria unha moción solicitando subvención para a posible compra do Coliseo Noela coa intención de reabrillo como teatro e lugar de exposicións. Isto acontecía en xaneiro de 1990, naméntres que o 12 de abril celébrase a inauguración da Casa da Cultura, presentando Avilés ós irmáns Costa Beiro: Alfonso, Xesús, Pío, Nacho e Alexandre, con unha exposición conxunta.

No mes de xuño, organizada pola Delegación municipal de Cultura, ten lugar unha Exposición e homenaxe ó pintor Xoán Xosé Fernández Leiceaga na Casa da Cultura, quen segundo Avilés: “Sesé é un dos mellores artistas da súa xeración”.

Nestes anos nos que Avilés atendía a Tasca, tivemos que acodir na mañán do 4 de decembro de 1991, con Miguel de guiandeiro, a Viana do Bolo para asistir ó acompañamento dos restos dun gran amigo como era Teodoro Ávila Bustillo, un dos “importados”, pero que, ao igual que a súa dona e fillas, sentíanse uns noieses máis. Lembro que na parada en Verín para xantar escoiteille a Avilés que o próximo sería el, e a pesares de que Miguel e eu tratamos de sacarlle esa teima da cabeza, non houbo maneira de quitarlle tal premonición, e así aconteceu, posto que ós poucos meses deixounos orfos da cotiá charla.

E non fumos nosoutros solos, posto que desde Portugalete, alá en terras de Viscaia, escribían nunha revista chamada *Esmorga*, correspondente ó mes de maio o seguinte: “Xa facía tempo que me falara telefónicamente da súa enfermidade. Foi cando lle dixen que esta Asociación pensaba adicarlle a él o día das Letras Galegas debido á nosa teima en homenaxear a escritores vivos así como publicar unha autoescolma poética súa. Este ano, por desgracia, vai ser o primeiro ano que lle adiquemos este día a un poeta morto e máis adiante publicaremos a autoescolma que fixo para nós con tanto agarimo naméntres convalecía da enfermidade traidora. Debemos de seguir, porque hoxe máis que nunca é preciso construír a patria entre todos os bos e xenerosos que quedamos orfos desde que nos deixou e comenzaron a chorar as estrelas de Noia. “Ai, a miña bandeira de brétema”. Ven asinado por Raúl Río Díaz, e publica uns poemas de Avilés.

E vai chegando o momento de rematar, pero denantes quero incluír esta carta escrita no mes de outubro de 2000, a petición de María Esteirán para unha revista na que

publicarían outros máis, pero dado que todo se quedou en nada, desexo neste décimo aniversario do seu pasamento que non quede no olvido por máis tempo. O seu título: MEU QUERIDO AVILES.

A pesares de non moita estatura, sí era en cambio todo un gran home nas cousas dos saberes da vida, posto que como estudante de Náutica en A Coruña e Ferrol, coñecía a fondo a agulla de marear, e tamén moi ben o lugar que ocupaba sen ter necesidade de caer, nen tan sequera esbarar, en saber algo tan manido e fácil, como resulta para certas xentes dedicadas ó peloteo, quen ademais de moi poucas luces, crenze donos delas, cando na persoa a quen me estou a referir, nunca se lle albiscou nada semellante, nin tampouco necesitou ningunha cortina para ocultar as alegrías, bondades, e o saber estar coas xentes de calquera das distintas categorías sociais, ideolóxicas, políticas de diferente signo ás súas, algo do que sempre dou mostras no cotián deambular por eses mundos de Deus, tanto alén do mar que nos separa das Américas, como nas terras da súa nacencia, onde, desde o intre de saberse ferido de morte, e soubo acollela cunha enorme entereza que para sí quixeran xentes de cotiáns golpes de peito.

Do seu paso pola tenencia de Cultura, deixounos labrada unha moi boa sementeira, e cada ano agroma cuns interesantes actos literarios nun edificio que de non ser pola súa tenaz insistencia quizais hoxe estaría dedicado a outros mesteres, o cal debiera de servir para achegarse cada tercer domingo do mes de marzo ó Cimiterio de San Pedro de Boa, a ver como medra a cerdeira, sen esquecermos do dito por Novoneyra: “segui-rá vivo entre nós mentras a nosa lingua perdure. Hoxe en Noia, queda constituido o primeiro domingo da primaveira como día de Avilés”.

Pero, desde entón, ¿cantas primaveras fai que non se visita a cerdeira plantada para darlle alegría ó vento?. Oxalá que este ano e os vindeiros non esquezamos esta data, xa que non só a nivel das xentes de fóra, senón das da vila, que son todas aquelas que se achegaban a Avilés pregándolle favores.

Vou poñendo punto final dicindo que Antón Avilés Vinagre foi nomeado fillo predilecto, segundo acordo da sesión extraordinaria que con carácter de urxencia se celebrou o día 26 de marzo de 1992 (catro días despois do seu pasamento). Asimesmo a Corporación municipal acordou dedicar a Casa da Cultura e unha rúa na urbanización “Irmáns Labarta” que vai pola beiramar. Tamén está previsto colocar unha placa conmemorativa na súa casa natal de Taramancos.

En 1997, con motivo do quinto aniversario do seu pasamento, celebráronse diversos actos organizados polo grupo Amigos de Avilés e o Concello. A homenaxe consistiu na inauguración dunha mostra de cerámica, de Xosé Antonio Capeáns, inspirada en poemas do poeta e escritor, aínda que o máis emotivo celebrouse no cemiterio parroquial de San Pedro de Boa, onde repousan os seus restos mortais; alí colocaron os amigos un centro de flores ante a súa tumba. Ademais da viúva e fillos, tamén estiveron presentes a alcaldesa de Noia, María del Carmen Abeijón, e diversos escritores. Ó final cantouse o himno galego.

E remato cun dos “Denantes” de don Basilio, que como é sabido fora un dos seus grandes amigos, e creo que este acaeralle ben: “Había escritores escollidos. Agora hai tantos que, se se escollen, quedan poucos”.

Textos recuperados

Aurora Marco

Cando se reúnan os textos dispersos de Avilés de Taramancos, os inéditos que andan en mans de amigos e algúns outros documentos, poderemos ter unha visión aínda máis completa da obra do poeta. Neste especial de *Alameda* recuperan-se dous poemas non citados até o momento en nengunha das biobibliografías publicadas sobre o escritor noiés. Trátase, o primeiro, dunha colaboración publicada no *Programa oficial de festas de San Juan Bautista*, de Sarria (Lugo), xuño de 1959: "Canto de nenos en roda", un poema de tipo hiko-zoista ao xeito dos que figuran nos primeiros poemarios. O segundo é de 1967, cando estaba en Colombia: "O rapaz de sorriso pequena", dedicado ao seu grande amigo Xosé Ramón Vilar Chao, o pintor viveirense, fillo de Ramón Vilar Ponte. Figura en *Exposición homenaje póstumo a José Ramón Vilar Chao (11-4-1967)*, catálogo da Exposición celebrada na Coruña onde tamén aparecen dous poemas de Urbano Lugris.

Tamén se incorpora o texto a que se alude na biografía, "Apoloxía e mito dos allos do Obre", escrito para as festas desta parroquia, e que amabelmente cederon para a súa reprodución Mariña Díaz e Manuel González.

Canto de Nenos en Roda

Brinca no balado o vento,
no centeo o pazzallar.
¡Ai que corazón contento
de nenos a rebuldar!

Ven a nebra morosiña
pólo curruncho do val
¡Dame a man e douche a miña
para ir a roda a beilar!

Ven a choiva miudiña
e vaise o sol perguizán
¡Dame a fror e douche a miña
que é de orballo temperán!

Cantemos a roda, roda,
cantemos a namorar...

Avilés de Taramancos

O RAPAZ DE SURRISA PEQUENA

El chegou por eiquí sin rumbo posto
e dixo que sabía sorrir coma unha fonte
en un albre de froitos pendurados.

Levava sempre a sorriso pequena
i-os homens agardaban sua choiva de paz.

Parolaba cos vellos mariñeiros,
coas meniñas tristes e coas dornas tamén;
e as mañáns xa tiñan outro azur,
outra legría, e no fitar da xente
víase o curazón quedo e pousado.

Iste rapaz sinxelo que ven sin rumbo fixo
ensiñóulle a lediza de sorrir ós demais.

AVILES DE TARAMENCOS

APOLOXÍA E MITO DOS ALLOS DO OBRE

Cando despois de tanta chuvia e treboada a Arca foi chegando á deriva por riba de Monte Louro ata bater nas estribacións do Petouto da Vella no monte de San Lois, traía consigo, por debaixo das táboas do sollado de proa, gardadas e amparadas de ser comestas dos animais de varia especie que o vello capitán arrecadara, as sementes e os escallos das prantas que se daban daquela en Ourense, nas terras de Ur e Babilonia, que o Eufrates regara amorosamente, e viñan entre as croias dos pexegos e as pavías, as res-tras de allos que nas leiras de Caín (aquele pobre labrego matachín por mor das partillas) se viñeran tras-plantando das da semente do paraíso terreal.

Os primeiros allos do mundo novo, do mundo enxoiro que reverdeceu despois da baixa das augas, plantáronse no Rego da Horta por unha trazaravoa da vella Peneireira que os sementou coma remedio para o reuma segundo unha antiga ciencia que trouxeran os navegantes da Arca e que foi pasando de boca en boca ata hai pouco tempo en que os mariñeiros do Obre e Portosiño aínda os comían con un grollo de augardente para ese mester.

Despois viñeron as probas de mistura con outros alimentos ata que descubriron o allo con aceite ou mesmo con unto para salferir no peixe de caldeirada que daquela non levava patacas, senón nabos, e que lle soubo a gloria aos primeiros moradores que como se sabe fixeron as súas choupanas no alto do Pereiro por temor aos monstros do mar.

Comer un ollomol, un escacho, ou mesmo unha cazolada feita con auga de mar e diversas castes de peixe da pedra: pinto, maragota e sanmartiño, poño por caso, con unha allada de allos do Obre é un com-pango que arrecende e deixa un saíbo no fondo da gorxa que ninguén pode superar. Poden chegar allos de outras latitudes, allos gordos de Zamora, pero non teñen ese pique, ese saíbo aromático e ácido que os allos do Obre lle dan ás viandas do mar e mesmo á carne de porco cando se pica para chourizos, ou se adoba con allo e prixel para facer frixida na tixola.

O enrestrar é tamén labor de artesanía: coller a palla de centeo, limpala de folla, mazar e trenzar, para logo recortar coidadosamente as pontas e sobrantes e dar un aspecto apetecível á mercadería. Saían logo as mulleres do Obre e Taramancos a vender nos mercados e feiras, cruzaban no Cardona a Vilagarcía, ou no Sancosmeiro do Pardillo á Serra, Picota e Santa Comba ou cada terzafeira ao mercado de Santiago, sempre andando e conversando para aliviar as penas do camiño.

Por iso cando se fala dos allos do Obre, chega coma un regosto antigo, que ven a ser o primeiro sabor que ao mellor Eva cociñou no Paraíso. A Historia está aí para ver.

Xan Perillán

APOLOXÍA E MITO DOS ALLOS DO OBRE

Cando despois de tanta chuvia e treboada a Arca foi chegando á deriva por riba de Monte Louro ata bater nas estribacións do Petouto da Vella no monte de San Lois, traía consigo, por debaixo das táboas do sollado de proa, gardadas e amparadas de ser comestas dos animais de varia especie que o vello capitán arrecadara, as sementes e os escallos das prantas que se daban daquela en Ourense, nas terras de Ur e Babilonia, que o Eufrates regara amorosamente, e viñan entre as croias dos pexegos e as pavías, as res-tras de allos que nas leiras de Caín (aquele pobre labrego matachín por mor das partillas) se viñeran tras-plantando das da semente do paraíso terreal.

Por iso cando se fala dos allos do Obre, chega coma un regosto antigo, que ven a ser o primeiro sabor que ao mellor Eva cociñou no Paraíso. A Historia está aí para ver.

Xan Perillán.

Anexo gráfico



Foto 1. Cali: Avilés e Sofia Baquero con Celia Cruz e outros amigos.

Foto 2. Avilés e Sofia Baquero con Antonio Iniesta na finca "Taramancos" en Tocotá, Cali, 1977

Foto 3. Avilés co Pai Hurtado, que rexentaba o Cotelengo, e dúas amigas. Cali.

Foto 4. Avilés de Taramancos co seu amigo Pardo LLada. Cali, 1975.





Foto 1. Semana Musical de Noia, cando Avilés estaba na Concellaría de Cultura.
Foto 2. Os irmán Avilés Vinagre: Guillermo (à esquerda), Alfonso e Antón na "Tasca típica" de Noia.
Foto 3. Avilés con Xosé Martínez. Noia.
Foto 4. Antón Avilés co seu amigo Miguel Iglesias.



Foto 1. Na rúa do Curro de Noia, Avilés con Teodoro Ávila e Maneiro.

Foto 2. Semana Musical de Noia. Avilés co párroco de Noia e dous participantes nos actos.

Foto 3. Inauguración da Escola Obradoiro de Noia, en xaneiro de 1989. Á esquerda, o Gobernador Civil da Coruña, no centro, Carlos Aller, director da Escola, e Avilés, Concellal de Cultura, entre outros.





Acto de irmanamento coa vila de Estarreja (Portugal). Na foto, algúns concelleiros de Noia, Avilés e Beiras Torrado. 1988



Noia. Horta do Mar, 1991. De esquerda a dereita: Pepe Carreiro, Manolo González, Alfonso Rivas, Avilés, Neira Vilas, Francisco Pillado e Ramón L. Suevos. Sentadas: Anisia Miranda e Mariña Díaz.

Avilés		Vinagre	José R.	SOCIO N.º	2427
(PRIMER APELLIDO)		(SEGUNDO APELLIDO)	(NOMBRE)		
FECHA NACIMIENTO			de abril de 1935	SOCIO de número	
ESTADO			Soltero	NATURAL DE Noia	
PROFESIÓN			Arquivero	PROVINCIA DE La Coruña	
APROBADO EN LA JUNTA DEL DIA			9. febrero de 1958	DOMICILIO EN NOIA	
PRESENTADO POR D.				PRESENTADO POR D. Manuel Castro	



ALTAS	BAJAS	MOTIVO DE LA BAJA	ALTAS	BAJAS	MOTIVO DE LA BAJA
9-2-1958	31-8-1958	Ausencia	HISPANO	Nº CTA	1.684/3
27-7-60	27-11-61	"			
12-80	26-3-92	Defunción			

Ficha do socio nº 2427 da Sociedade Liceo de Noia